


RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA EN 2007

Fernando Barbeyto Nistal e Claudio López Garrido
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

Resultados do Programa de Xestión de Vacún de Leite en Galicia en 2007



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación e
Industrias Agrarias e Forestais

 XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA DE GALICIA

RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚN DE LEITE EN GALICIA EN 2007

Fernando Barbeyto Nistal e Claudio López Garrido
CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO



FICHA TÉCNICA

EDITA Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural

AUTORES Fernando Barbeyto Nistal
Claudio López Garrido

DESEÑO E MAQUETACIÓN Tórculo Artes Gráficas

FOTOGRAFÍAS Jesús María Rodríguez Casabiell
Fernando Barbeyto Nistal
Claudio López Garrido

IMPRIME Tórculo Artes Gráficas

DEPÓSITO LEGAL C 1894-2009

ISBN 978-84-453-4826-0

ÍNDICE

FICHA TÉCNICA	3
PRESENTACIÓN	7
INTRODUCCIÓN	9
1. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2007	15
2. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2003-2007)	21
3. ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2007	27
3.1. Resultados técnicos	27
3.2. Resultados económicos	27
4. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2006-2007	33
5. RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS	39
5.1. Resultados en función do tamaño do rabaño	39
5.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil	43
5.3. Resultados por volume de leite comercializado	47
5.4. Resultados en función da carga gandeira	51
5.5. Resultados en función do rendemento leiteiro	55
5.6. Resultados en función da produción por unidade de superficie	59
5.7. Resultados en función do uso do concentrado	63
5.8. Resultados en función do prezo do leite	67
5.9. Resultados en función do prezo do concentrado	71
6. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO	77
CONCLUSIÓNS	85

Esta publicación da Consellería do Medio Rural ofrécenos información útil sobre a produción de leite en Galicia, como subsector relevante e primordial da economía do agro galego.

A presente memoria vai debullando, ao longo dos seus diferentes capítulos, os datos achegados polas diferentes Agrupacións de Xestión de Explotacións (Axes), nun intento de amosar, dun xeito claro e sinxelo, a situación da produción de leite en Galicia, ao tempo que presenta unha comparativa, no ámbito das European Dairy Farmers (EDF), entre as explotacións galegas e as europeas en xeral.

A Consellería do Medio Rural elabora este estudo desde o convencemento do seu valor como ferramenta imprescindible para o coñecemento da produción láctea, que ocupa un lugar esencial no eido agrogandeiro galego.

Samuel Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

INTRODUCCIÓN



INTRODUCCIÓN

O programa de xestión de explotacións de leite en Galicia iniciouse en 1977 e recolle a información subministrada polas Agrupacións de Xestión de Explotacións (Axes) desde 1987. A publicación dos resultados, suspendida en 1997, reiniciouse en 2007 pola Consellería do Medio Rural. Na presente memoria de resultados recóllense os correspondentes ao exercicio de 2007. Os relativos á cota láctea das explotacións son os datos oficiais de inicio da campaña 2007-2008 e, polo tanto, reflicten a cota o 1 de abril de 2007.

No período que cobre de xaneiro a decembro de 2007, nove Axes con doce técnicos participaron no programa de xestión da Consellería do Medio Rural que atinxiu a 250 explotacións de vacún de leite en toda Galicia, aínda que para a análise só se consideraron 201. A súa distribución, en función do volume da produción (Táboa 1), mostra que, salvo no primeiro estrato, o tamaño medio das explotacións do grupo de Axes se aproxima bastante á media galega. A produción media por explotación é semellante á de 2006 en todos os estratos.¹


Táboa 1. Distribución da cota láctea galega e da produción das explotacións das Axes

Cota ou produción/ explotación	Distribución da cota de Galicia				Distribución da produción das Axes					
	Explotacións		Cota total		Cota por explotación	Explotacións		Produción total		Produción por explotación
	t	nº	%	t	%	t	nº	%	1.000 L	%
<100	7.292	49,8	333.935	15,1	45,794	13	6,5	980	1,4	75.411
100 - 299	5.576	38,1	970.577	44,0	174,063	90	44,8	17.762	25,4	197.361
300 - 599	1.403	9,6	566.885	25,7	404,052	75	37,3	31.529	45,0	420.387
600 - 1.199	325	2,2	261.632	11,9	805,021	23	11,4	19.793	28,2	860.584
≥1.200	41	0,3	73.098	3,3	1.782,878	0	0,0	0,0	0,0	0
Total	14.637	100	2.206.127	100	150.722	201	100	70.064	100	348.583

Na campaña de 2007-2008, que rematou o 31 de marzo de 2008, desaparecieron en Galicia 1.384 explotacións leiteiras, o que representa unha redución do 8,6%. Este descenso é inferior ao das dúas campañas anteriores, que alcanzou o 13,4% para 2005-2006 e o 9,8% para 2006-2007. Esta ralentización da desaparición do número de explotacións vai acompañada dun aumento da cota en 39.286 t na campaña 2006-2007, o que significa un incremento do 1,8%, moi inferior ao da anterior. O resultado é un aumento medio de 15.473 kg da cota por explotación, o que representa un incremento do 11,4% respecto con 2006 (Gráfico 1).

¹ Consellería do Medio Rural. *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galicia en 2006*. Xunta de Galicia. 2008

Gráfico 1. Evolución do número de explotacións e da cota/explotación (kg) en Galicia



A mesma ralentización observada na desaparición de explotacións parece producirse na transferencia destas dos estratos inferiores aos superiores en comparación coa campaña anterior. As explotacións de menos de 100 t de cota pasaron de representar o 53,3% das totais e de dispor do 17,5% da cota total, a ser o 49,8% das totais co 15,1% da cota total. No entanto na campaña de 2006-2007 as explotacións de máis de 300 t de cota eran o 9,4% das totais e contaban co 35,3% da cota, na de 2007-2008 pasaron a ser o 12,1% co 40,9% da cota (Gráficos 2 e 3).

Táboa 2. Evolución da cota e do número de explotacións leiteiras por estrato de tamaño

Cota	2006				2007			
	Explotacións		Cota total		Explotacións		Cota total	
	Nº	%	kg	%	Nº	%	kg	%
< 39.999	4.148	25,9	83.230.910	3,8	3.393	23,2	69.240.230	3,1
40.000 - 99.999	4.384	27,4	296.512.603	13,7	3.899	26,6	264.695.207	12,0
100.000 - 149.999	2.522	15,7	308.885.985	14,3	2.303	15,7	283.084.935	12,8
150.000 - 299.999	3.449	21,5	714.682.517	33,0	3.273	22,4	687.491.996	31,2
300.000 - 599.999	1.206	7,5	481.912.784	22,2	1.403	9,6	566.885.168	25,7
600.000 - 1.199.999	275	1,7	220.063.379	10,2	325	2,2	261.632.291	11,9
1.200.000 - 2.399.999	32	0,2	47.060.061	2,2	33	0,2	49.330.413	2,2
≥ 2.400.000	5	0,0	14.493.970	0,7	8	0,1	23.767.989	1,1
TOTAL	16.021	100	2.166.842.209	100	14.637	100	2.206.128.229	100
Cota media/explotación			135.250				150.723	

Fonte: Consellería do Medio Rural

A tendencia á concentración da produción de leite nun número de explotacións cada vez menor, con rabaños de maior tamaño, mantense aínda que o ritmo se atenúe.

Gráfico 2. Evolución da distribución das explotacións (%) por estratos de tamaño en Galicia






Gráfico 3. Evolución da distribución da cota (%) por estratos de tamaño en Galicia



Até o mes de abril de 2007 o prezo do leite mantívose a un nivel semellante ao dos anos anteriores. A partir de aí, iniciou un ascenso espectacular que non se detería até setembro de 2008 (Gráfico 4).

Gráfico 4. Evolución do prezo do leite (€/100 L) en Galicia en 2005, 2006 e 2007



Fonte: Instituto Galego de Estatística

1. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2007



1. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2007

O número de explotacións que participaron no estudo de 2007 é inferior ao de 2006 e o seu tamaño medio tamén é algo menor, tanto en volume de produción comercializada como en número de vacas e superficie (Táboa 3). A produción media por explotación do grupo de explotacións analizado (348.583 litros) é moi superior á media das explotacións galegas, aténdenos á cota láctea media por explotación (150.723 kg).

Aínda que a carga gandeira, medida en vacas por ha, é idéntica (1,9 vacas/ha) en ambos os dous anos, o rendemento leiteiro foi superior en 2006 (7.990 vs. 7.902 L/vaca) e, polo tanto, tamén o é a produción de leite por unidade de superficie (15.430 vs. 14.640 L/ha).

O custo da fertilización por hectárea é superior ao de 2006 debido ao aumento do prezo dos fertilizantes. O consumo de concentrado foi inferior en 2007 (2.832 vs. 2.966 kg/vaca), o que se traduce nun menor rendemento por vaca (7.902 vs. 7.990 L/vaca) e nunha diminución do consumo de concentrado en relación coa produción leiteira que pasou de 370 g/L en 2006 a 360 g/L en 2007. Porén, o gasto en concentrado foi superior debido ao aumento do seu prezo. Isto viuse mitigado pola mellora da relación entre o prezo do leite e o do concentrado.

Os resultados económicos mostran unha considerábel melloría (Táboa 4). Tanto a marxe neta como o beneficio experimentan un aumento moi importante, a pesar do incremento dos gastos variábeis, fixos e custos de oportunidade, porque estes crecen en menor medida que o produto bruto.

O 74% das explotacións de 2007 estiveron presentes na análise de 2006. A evolución deste grupo de 148 explotacións ofrece unha visión moito máis próxima da realidade.

Tanto a superficie como o número de vacas apenas variou, polo que a carga gandeira permaneceu constante, aínda que, medida en UGM, experimentase un lixeiro incremento. O rendemento leiteiro aumentou un 2,6% e a produción de leite por unidade de superficie un 4,1%, o que se traduciu nun incremento do 5,4% da produción comercializada por explotación.

O incremento do consumo de concentrado por vaca (1,3%) é a metade do experimentado polo rendemento leiteiro, o que permitiu que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pásase de 370 a 360 g/L.

O aumento do prezo do leite nun 22,8% permitiu mitigar o do concentrado, que foi do 15%.

Os gastos variábeis creceron un 11,6% e os fixos un 5,9%. Porén, os custos de oportunidade diminuíron un 5,6%. O resultado foi un incremento do custo de produción nun 9,9% e dos custos totais nun 6,6%.

Os ingresos totais creceron un 23,8%, a marxe neta aumentou un 53,3% e o beneficio un 55,1%. Non se lembra unha mellora semellante dos resultados económicos das explotacións leiteiras. Nin sequera na década dos oitenta, na que o leite alcanzou un prezo moi alto.

Táboa 3. Índices técnicos. Valores medios 2006-2007

	2006	2007	2006 - 2007	
Número total de explotacións	234	201		
Número de explotacións comúns			148	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS				
SAU (ha)	24,8	23,9	23,9	24,3
Nº de vacas	47,8	44,3	45,0	46,3
Produción comercializada (L/expl.)	381.572	348.583	356.220	375.529
Produción /SAU (L/ha)	15.430	14.640	14.907	15.519
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN				
Vacas/ha	1,9	1,9	1,9	1,9
UGM/ha	2,74	2,65	2,66	2,71
Partos/vaca/ano	0,87	0,83	0,89	0,83
Fertilizantes (€/ha)	174	189	156	192
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO				
Rendemento (L/vaca)	7.990	7.902	7.929	8.135
Concentrado (kg/vaca)	2.966	2.832	2.918	2.956
Concentrado/leite (g/L)	370	360	370	360
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)				
Compra de concentrado	8,50	9,64	8,37	9,72
Compra de forraxes	0,73	0,72	0,78	0,81
Produción de forraxes propias	2,71	3,61	2,91	3,35
CALIDADE DO LEITE				
% graxa	3,81	3,86	3,81	3,86
% proteína	3,12	3,17	3,12	3,18
Bacterioloxía (000)	20	24	18	21
Células somáticas (000)	225	236	229	232
PREZOS				
Leite (€/100 L)	31,63	38,65	31,53	38,74
Concentrado (€/t)	217	250	216	249
Relación prezos leite/concentrado	1,46	1,54	1,45	1,55

Táboa 4. Índices económicos. Valores medios 2006-2007

	2006	2007	2006 - 2007	
Número total de explotacións	234	201		
Número de explotacións comúns			148	
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)				
INGRESOS				
Venda de leite	31,63	38,65	31,53	38,74
Venda de animais	2,69	2,34	2,89	2,34
Variación do inventario	0,28	0,93	0,20	0,98
Outros ingresos	2,57	4,19	3,10	4,30
Produto bruto	37,17	46,11	37,72	46,37
GASTOS VARIÁBEIS				
Compra de gando	0,61	0,47	0,55	0,53
Compra alimentos vacas	9,23	10,36	9,15	10,53
Compra alimentos recría	1,57	1,57	1,29	1,58
Produción propia, forraxes	2,71	3,61	2,91	3,35
Sanidade e reprodución	2,39	2,66	2,47	2,59
Enerxía e maquinaria	2,92	2,56	2,55	2,55
Total Gastos Variábeis	19,43	21,23	18,92	21,12
GASTOS FIXOS				
Amortizacións técnicas	3,39	3,56	3,41	3,50
Man de obra retribuída	1,01	1,00	0,96	0,98
Outros custos fixos	3,22	3,46	3,12	3,45
Total Custos Fixos	7,62	8,02	7,49	7,93
Custo de produción	27,05	29,25	26,42	29,04
CUSTOS DE OPORTUNIDADE				
Xuros dos capitais propios	1,73	1,63	1,86	1,63
Renda das terras propias	1,56	1,65	1,61	1,55
Custo do traballo familiar	3,90	3,61	3,68	3,58
Total Custo de Oportunidade	7,19	6,89	7,16	6,76
Custos Totais	34,24	36,14	33,58	35,80
RESULTADOS ECONÓMICOS				
Marxe neta	10,12	16,86	11,3	17,32
Beneficio	2,93	9,97	4,14	10,56
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)				
Venda de leite	120.701	134.733	112.305	145.477
Produto bruto	141.842	160.746	134.351	174.120
Total Gastos Variábeis	74.134	73.993	67.399	79.296
Total Custos Fixos	29.090	27.972	26.697	29.771
Custo Total de Produción	103.224	101.965	94.697	109.068
Custo Total de Oportunidade	27.432	24.026	25.510	25.379
Custos Totais	130.656	125.991	119.606	134.447
Marxe neta	38.618	58.781	40.254	65.051
Beneficio	11.186	34.755	14.743	39.672

2.

EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2003-2007)



2. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2003–2007)

A serie de resultados das 24 explotacións que estiveron presentes en todas as análises realizadas entre 2003 e 2007 permite unha aproximación á evolución do sector lácteo galego no último lustro.

A Superficie Agraria Útil media das explotacións aumentou un 24%, no entanto o tamaño do rabaño apenas o fixo nun 2,8%, o que provocaría a redución da carga gandeira de 2,1 vacas/ha e 2,87 UGM/ha en 2003 a 1,7 vacas e 2,56 UGM/ha en 2007 (Táboa 5). Este descenso da densidade gandeira foi acompañada dunha diminución do uso de fertilizantes químicos e un aumento do rendemento leiteiro nun 10,6 %, que pasou de 7.528 litros/vaca en 2003 a 8.323 en 2007 (Gráfico 5).

O consumo de concentrado por vaca non variou, mais o aumento do rendemento leiteiro permitiu a redución da relación entre consumo de concentrado e produción de leite que pasou de 390 a 350 g/L.

O prezo do leite, que experimentara unha baixa en 2006, elevaríase espectacularmente en 2007. A pesar do incremento do prezo do concentrado, tamén en 2007 a relación entre o prezo do leite e o do concentrado aumentaría, despois de manterse estábel ao longo dos catro anos anteriores.

O produto bruto elevouse considerabelmente a partir de 2006; aínda que só en 2007 é atribuíbel ao aumento dos procedentes da venda do leite. Os gastos variábeis mantivéronse bastante estábeis até 2007 en que aumentaron un 11,8%. Os gastos fixos, os custos de produción e os custos totais non deixaron de crecer ao longo de todo o período, mentres os de oportunidade foron alternando altas e baixas (Táboa 6).

Como consecuencia da evolución dos custos e ingresos, a marxe neta e o beneficio aumentaron ao longo do período, aínda que en 2005 houbo un certo estancamento e en 2007 o incremento da marxe neta foi do 43% e o do beneficio nun 116% (Gráfico 6).



Táboa 5. Evolución dos índices técnicos da mostra permanente

	2003	2004	2005	2006	2007
Número de explotacións	24	24	24	24	24
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	20,4	21,9	22,0	24,2	25,3
Nº medio de vacas	42,9	42,9	43,2	43,4	44,1
Produción media comercializada (L)	320.183	329.023	342.428	357.666	365.620
Produción /SAU (L/ha)	15.883	15.146	15.723	14.858	14.543
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN					
Vacas/ha	2,1	2,0	2,0	1,8	1,7
UGM/ha	2,87	2,85	2,80	2,53	2,56
Partos/vaca/ano	0,96	0,88	0,88	0,84	0,86
Fertilizantes (€/ha)	191	225	203	180	171
N (kg/ha)	151	153	153	121	123
P ₂ O ₅ (kg/ha)	92	111	104	92	54
K ₂ O (kg/ha)	76	86	76	60	49
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.528	7.732	7.995	8.287	8.323
Concentrado (kg/vaca)	2.949	2.843	2.858	3.021	2.937
Concentrado/Leite (g/L)	390	370	360	360	350
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,44	9,48	8,43	8,51	9,77
Compra de forraxes	0,75	0,82	0,77	0,83	0,62
Produción de forraxes propias	3,46	3,51	3,65	3,43	3,96
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,91	3,96	3,93	3,84	3,86
% proteína	3,10	3,17	3,18	3,19	3,21
Bacterioloxía (000)	14,4	17,0	18,7	12,0	14,9
Células (000)	213,6	209,0	225,9	220,4	238,7
PREZOS					
Leite (€/100 L)	32,19	33,6	33,0	31,94	39,87
Concentrado (€/t)	220,7	232,3	222,6	219,9	257,05
Relación prezos leite/Concentrado	1,45	1,44	1,48	1,45	1,55

Táboa 6. Evolución dos índices económicos da mostra permanente

	2003	2004	2005	2006	2007
Explotacións	24	24	24	24	24
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)					
INGRESOS					
Venda de leite	32,19	33,60	33,09	31,94	39,87
Venda de animais	2,47	2,48	3,01	3,15	2,87
Variación do inventario	-0,74	-0,48	0,43	0,51	1,34
Total outros ingresos	1,1	2,69	1,43	4,76	5,44
Produto bruto	35,02	38,30	37,96	40,36	49,51
GASTOS VARIÁBEIS					
Compra de gando	0,55	0,31	0,84	0,82	1,36
Compra alimentos vacas	10,19	10,31	9,20	9,34	10,40
Compra alimentos recría	1,05	1,32	0,97	0,84	1,41
Produción propia, forraxes	3,46	3,51	3,65	3,43	3,96
Sanidade e reprodución	2,22	2,41	2,75	2,75	2,94
Energía e maquinaria	2,29	2,18	2,55	2,63	2,08
Total Gastos Variábeis	19,75	20,03	19,96	19,81	22,14
GASTOS FIXOS					
Amortizacións técnicas	1,47	1,64	1,73	1,73	1,72
Man de obra retribuída	0,57	0,82	0,78	0,77	0,68
Outros custos fixos	2,88	3,17	3,45	4,35	5,37
Total Custos Fixos	4,91	5,63	5,95	6,86	7,77
Custo de produción	24,66	25,66	25,92	26,67	29,92
CUSTOS DE OPORTUNIDADE					
Xuros dos capitais propios	1,90	0,65	0,71	1,75	0,15
Renda das terras propias	0,91	1,59	1,54	1,62	1,66
Custo do traballo familiar	4,37	3,99	3,83	3,67	3,45
Custo Total de Oportunidade	7,19	6,23	6,08	7,04	5,26
Custos Totais	31,85	31,89	32,0	33,71	35,18
RESULTADOS ECONÓMICOS					
Marxe neta	10,36	12,64	12,05	13,69	19,60
Beneficio	3,17	6,40	5,96	6,65	14,34
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)					
Venda de leite	103.067	110.551	113.304	114.242	145.759
Produto bruto	112.134	126.006	129.996	144.341	181.035
Total Gastos Variábeis	63.245	65.910	68.358	70.856	80.960
Total Custos Fixos	15.724	18.517	20.384	24.519	28.423
Custo Total de Produción	78.969	84.427	88.742	95.376	109.384
Custo Total de Oportunidade	23.027	20.505	20.832	25.189	19.214
Custos Totais	101.996	104.932	109.574	120.565	128.598
Marxe neta	33.164	41.579	41.253	48.965	71.651
Beneficio	10.137	21.073	20.421	23.775	52.437

Gráfico 5. Evolución da SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca (2003-2007)






Gráfico 6. Evolución dos custos variábeis, fixos e da marxe neta (2003-2007)



3.

ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2007



3. ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2007

Para explicar as diferenzas entre explotacións realizouse unha análise de grupos mediante a comparación dos resultados medios da totalidade cos dos grupos de cabeza e cola, que reúnen, respectivamente, o 25% das explotacións que conseguen os mellores resultados e o 25% das que obteñen os peores.

O criterio clasificatorio utilizado para ordenar as explotacións e definir os grupos en función dos resultados económicos é a relación porcentual entre o custo total de produción e o produto bruto da explotación, igual que nas análises de anos anteriores.

3.1. Resultados técnicos

As 50 explotacións que forman o grupo de cabeza teñen menor tamaño que as de cola, tanto en volume de produción comercializada (242.936 vs. 384.692 L/explotación) como en número de vacas (34,2 vs. 47,8 vacas) ou SAU (19,5 vs. 26,3 ha). (Táboa 7).

A carga gandeira, en termos de vacas, é idéntica (1,8 vacas), mais en UGM é lixeiramente superior no grupo de cola (2,45 vs. 2,62 UGM/ha). O mesmo acontece co rendemento leiteiro (7.152 vs. 8.052 L/vaca) e a produción por unidade de superficie (12.577 vs. 14.630 L/ha).

O grupo de cabeza ten un menor gasto en fertilizantes (166 vs. 179 €/ha), un consumo de concentrado inferior (2.239 vs. 3.293 kg/vaca) e unha relación entre uso de concentrado e produción de leite (310 vs. 410 g/L) máis favorábel. (Gráfico 7).

O prezo do leite foi algo superior no grupo de cabeza, e como o do concentrado foi inferior para este mesmo grupo, a relación entre ambos os dous prezos (1,54 vs. 1,50) provocou unha vantaxe adicional xa que o consumo de concentrado foi menor. En xeral, as diferenzas entre o grupo de cabeza e o de cola acentuáronse respecto dos resultados de 2006.²

3.2. Resultados económicos

Os ingresos unitarios procedentes da venda do leite son lixeiramente superiores no grupo de cabeza (38,34 vs. 38,09 €/100 L) e de maneira máis clara en termos de produto bruto (46,62 vs. 44,77 €/100 L), aínda que os valores totais por explotación por estes mesmos conceptos son superiores no grupo de cola debido ao seu maior tamaño (Táboa 8).

Tanto os gastos variábeis (16,55 vs. 24,59 €/100) como os fixos (6,35 vs. 9,94 €/100 L) foron inferiores no grupo de cabeza e, en consecuencia, tamén o foron os custos totais de produción (22,90 vs. 34,53 €/100 L). Só os custos de oportunidade foron algo inferiores no grupo de cola. O resultado final é unha marxe neta (23,73 vs. 10,25 €/100 L) e un beneficio (15,56 vs. 4,13 €/100 L) inferiores, tanto en termos relativos como nos totais por explotación, o que revela, igual que en análises anteriores, que nin sequera o maior tamaño permitiu economías de escala (Gráfico 8).

² Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galicia en 2006. Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. 2008

Os resultados mostran, como en 2006, que para a rendibilidade dunha explotación é moito máis importante o control dos custos de produción que o prezo do leite ou os ingresos. Así, a diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola é de 1,85 €/100 L, mentres a existente entre o custo de produción de ambos os dous grupos se eleva a 11,63 €/100 L.

Táboa 7. Índices técnicos en 2007

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	201	50	50
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS			
SAU (ha)	23,9	19,5	26,3
Nº de vacas	44,3	34,2	47,8
Produción comercializada (L)	348.583	242.936	384.692
Produción /SAU (L/ha)	14.640	12.577	14.630
MANEXO DO GANDO			
Vacas/ha	1,9	1,8	1,8
UGM/ha	2,65	2,45	2,62
Partos/vaca/ano	0,83	0,80	0,83
MANEXO DA FERTILIZACIÓN			
Fertilizantes (€/ha)	189	166	180
N (kg/ha)	116	103	108
P ₂ O ₅ (kg/ha)	67	65	67
K ₂ O (kg/ha)	53	47	54
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO			
Rendemento (L/vaca)	7.902	7.158	8.052
Concentrado (kg/vaca)	2.832	2.239	3.293
Concentrado/leite (g/L)	360	310	410
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)			
Compra de concentrado	9,64	8,36	10,86
Compra de forraxes	0,72	0,18	0,70
Produción de forraxes propias	3,61	3,25	3,58
CALIDADE DO LEITE			
% graxa	3,86	3,87	3,82
% proteína	3,17	3,13	3,17
Bacterioloxía (000)	24,2	25,8	27,7
Células somáticas (000)	236,7	225,8	269,2
PREZOS			
Leite (€/100 L)	38,65	38,34	38,09
Concentrado (€/t)	250,83	247,5	254,05
Relación prezos leite/Concentrado	1,54	1,54	1,50

Táboa 8. Índices económicos en 2007

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	201	50	50
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)			
INGRESOS			
Venda de leite	38,65	38,34	38,09
Variación do inventario	0,93	1,27	0,65
Venda de animais	2,34	2,63	2,54
Outros ingresos	4,19	4,38	3,50
Produto bruto	46,11	46,62	44,77
GASTOS VARIÁBEIS			
Compra de gando	0,47	0,28	0,87
Compra alimentos vacas	10,36	8,54	11,56
Compra alimentos recría	1,57	0,90	2,16
Produción propia, forraxes	3,61	3,25	3,58
Sanidade e reprodución	2,66	2,06	2,81
Enerxía e maquinaria	2,56	1,52	3,61
Total Gastos Variábeis	21,23	16,55	24,59
GASTOS FIXOS			
Amortizacións técnicas	3,56	4,19	3,76
Man de obra retribuída	1,00	0,57	2,00
Outros custos fixos	3,46	1,58	4,18
Total Custos Fixos	8,02	6,35	9,94
Custo de produción	29,25	22,90	34,53
CUSTOS DE OPORTUNIDADE			
Xuros dos capitais propios	1,63	2,09	1,85
Renda das terras propias	1,65	1,92	1,64
Custo do traballo familiar	3,61	4,15	2,62
Total Custo de Oportunidade	6,89	8,17	6,12
Custos Totais	36,14	31,07	40,65
RESULTADOS ECONÓMICOS			
Marxe neta	16,86	23,73	10,25
Beneficio	9,97	15,56	4,13
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)			
Venda de leite	134.733	93.147	146.515
Produto bruto	160.746	113.267	172.245
Total Gastos Variábeis	73.992	40.208	94.579
Total Custos Fixos	27.972	15.420	38.241
Custo Total de Produción	101.965	55.628	132.820
Custo Total de Oportunidade	24.026	19.837	23.524
Custos Totais	125.991	75.465	156.344
Marxe neta	58.781	57.638	39.425
Beneficio	34.754	37.800	15.900

Gráfico 7. SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca dos grupos de cabeza e cola e media xeral





Gráfico 8. Custos variábeis, fixos e marxe neta dos grupos de cabeza e cola e media xeral



4.

EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2006-2007



4. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2006-2007

As 148 explotacións que estiveron presentes, tanto na análise de 2006 como na de 2007, foron ordenadas en función da variación experimentada pola relación entre o custo de produción (sen considerar os custos de oportunidade) e o produto bruto, tal como xa se fixera na análise de 2006. O 25% das explotacións que máis reduciron esa relación de 2006 a 2007 foi denominado “grupo de redución” e o 25% en que menos diminuíu, ou mesmo aumentou, “grupo de incremento”.

Os resultados globais por explotación mostran que o grupo de redución aumentou a súa marxe neta nun 133,6% e que pasou dunha situación con perdas a obter beneficio. Pola súa parte, o grupo de incremento tamén experimentou unha suba do 29,6 % na marxe neta e do 60,2 % no beneficio (Táboa 9).

O elevado prezo do leite en 2007 provocou que os resultados mellorasen en todas as explotacións, porén existen claras diferenzas que se explican tanto polos ingresos como polos gastos (Táboa 9). O grupo de redución incrementou o seu produto bruto por explotación nun 38,8 %, no entanto o grupo de incremento fíxoo nun 27%. Por outra parte, os custos totais creceron en maior proporción para o grupo de incremento (20,8%) que para o de redución (5,5%).

Os resultados unitarios son moito máis indicativos, sobre todo os relativos aos custos. Así, mentres o grupo de redución diminuíu os custos variábeis nun 8,3%, os fixos nun 13,6%, os de produción nun 9,9%, os de oportunidade nun 15,8% e os totais nun 11,5%; o grupo de incremento aumentaba os variábeis nun 30,6%, os fixos nun 29,4%, os de produción nun 30,3%, os de oportunidade nun 5,2% e os totais nun 25,2%. Estas diferenzas que quedaron maquilladas nos resultados pola elevación dos ingresos en 2007 faranse moito máis patentes no momento en que o prezo do leite volva diminuír e situarse no nivel do primeiro semestre de 2007 ou de anos anteriores.

As explotacións do grupo de redución son máis pequenas que as do grupo de incremento, tanto en superficie como en número de vacas, rendemento leiteiro por vaca e, polo tanto, en produción total de leite (Gráfico 10). Porén, ambos os dous grupos teñen a mesma carga gandeira.

As explotacións do grupo de incremento diminuíron a súa carga gandeira e o rendemento leiteiro por vaca, mentres aumentaron o seu consumo de concentrado por vaca. O resultado foi un empeoramento da relación entre consumo de concentrado e produción de leite, que pasou de 370 a 390 g/L. Esa menor produtividade foi acompañada dun aumento dos custos variábeis, fixos e de oportunidade. Porén, aumentou tanto a marxe neta como o beneficio grazas ao aumento dos ingresos. Esta mellora económica oculta o empeoramento da súa eficiencia real, o que se evidenciará cando o prezo do leite baixe.

Todo o contrario acontece no grupo de redución, onde a carga gandeira se mantivo, mais o aumento da produción de leite por vaca permitiu, a pesar do incremento do consumo de concentrado, que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite pasase de 380 a 330 g/L. Os gastos variábeis, fixos e de oportunidade tamén diminuíron, o que provocou unha mellora espectacular tanto da marxe neta como do beneficio.

Cómpre salientar que os custos variábeis, fixos e de oportunidade, que eran superiores no grupo de redución en 2006, pasaron a ser inferiores aos do grupo de incremento en 2007. O resultado é que o custo total, que era inferior no grupo de incremento en 7,26 €/100 L en 2006, pasou a ser superior en 5,16 €/100 L en 2007.

Outro aspecto que hai que considerar é que nas explotacións que reduciron custos, os ingresos de todo tipo, incluídos os procedentes do leite, foron inferiores aos obtidos polas de incremento, o que demostra un ano máis que a competitividade das explotacións depende da súa capacidade para controlar e reducir os seus custos máis que do prezo do leite que, ademais, é un factor sobre o que non pode actuar.

Táboa 9. Evolución dos resultados económicos nos grupos con incremento e redución de custos

	Grupo de Incremento			Grupo de redución			Media Xeral		
	2006	2007	(%)	2006	2007	(%)	2006	2007	(%)
Número de explotacións	35	35		35	35		148	148	
RESULTADOS UNITARIOS (€/100 L)									
INGRESOS									
Venda do leite	31,43	39,02	24,1	31,15	37,99	22,0	31,53	38,74	22,9
Venda neta de animais	3,31	3,21	-3,0	3,52	2,36	-33,0	2,89	2,34	-19,0
Variación do inventario	2,69	7,03	161,3	3,81	4,49	17,8	3,30	5,28	60,0
Outros ingresos	0,03	1,34		-0,03	1,01		0,20	0,98	
Produto bruto	37,44	49,26	31,6	38,48	44,84	16,4	37,72	46,37	22,9
Venda leite/Produto bruto (%)	83,9	79,2	-5,6	80,9	84,7	4,7	83,6	83,5	-0,1
CUSTOS VARIÁBEIS									
Compra de gando	0,28	1,29	360,7	1,09	0,3	-72,5	0,55	0,53	-3,6
Compra alimentos vacas	9,06	10,99	21,3	9,33	9,21	-1,3	9,15	10,53	15,1
<i>Concentrados</i>	8,42	10,47	24,3	8,52	8,7	2,1	8,37	9,72	16,1
<i>Forraxes</i>	0,64	0,52	-18,8	0,81	0,51	-37,0	0,78	0,81	3,8
Compra alimentos recría	1,46	2,14	46,6	1,05	1,2	14,3	1,29	1,58	22,5
Produción propia de forraxes	2,62	3,47	32,4	3,74	3,49	-6,7	2,91	3,35	15,1
Sanidade e reprodución	2,37	2,76	16,5	2,5	2,14	-14,4	2,47	2,59	4,9
Energía e maquinaria	2,81	3,62	28,8	2,02	1,75	-13,4	2,55	2,55	0
Total Gastos Variábeis	18,59	24,28	30,6	19,73	18,09	-8,3	18,92	21,12	11,6
CUSTOS FIXOS									
Amortizacións técnicas	2,52	3,24	28,6	5,69	4,76	-16,3	3,41	3,50	2,6
Man de obra retribuída	4,11	5,34	29,9	3,46	3,15	-9,0	4,08	4,43	8,6
Outros custos fixos	0,95	1,01	6,3	0,94	0,87	-7,4	0,96	0,98	2,1
Total Custos Fixos	6,63	8,58	29,4	9,15	7,91	-13,6	7,49	7,93	5,9
Custo de produción	25,22	32,86	30,3	28,87	26,0	-9,9	26,42	29,04	9,9
CUSTOS DE OPORTUNIDADE									
Xuros dos capitais propios	1,29	1,33	3,1	2,85	2,28	-20,0	1,86	1,63	-12,4
Renda das terras propias	1,55	1,62	4,5	2,03	1,73	-14,8	1,61	1,55	-3,7
Custo do traballo familiar	3,52	3,74	6,3	5,10	4,38	-14,1	3,68	3,58	-2,7
Total Custo de Oportunidade	6,36	6,69	5,2	9,97	8,39	-15,8	7,16	6,76	-5,6
Custos Totais	31,58	39,55	25,2	38,84	34,39	-11,5	33,58	35,80	6,6
RESULTADOS ECONÓMICOS									
Marxe neta	12,22	16,40	34,2	9,61	18,84	96,0	11,3	17,32	53,3
Beneficio	5,85	9,72	66,2	-0,37	10,45		4,14	10,56	155,1
RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)									
Venda de leite	117.111	140.305	19,8	80.179	116.486	45,3	112.305	145.477	29,5
Produto bruto	139.492	177.133	27,0	99.039	137.470	38,8	134.351	174.120	29,6
Total Gastos Variábeis	69.272	87.295	26,0	50.769	55.456	9,2	67.399	79.296	17,7
Total Custos Fixos	24.702	30.858	24,9	23.545	24.253	3,0	26.697	29.771	11,5
Custo Total de Produción	93.974	118.154	25,7	74.314	79.710	7,3	94.697	109.068	15,2
Custo Total de Oportunidade	23.708	24.043	1,4	25.665	25.727	0,2	25.510	25.379	-0,5
Custos Totais	117.682	142.197	20,8	99.979	105.437	5,5	119.606	134.447	12,4
Marxe neta	45.517	58.979	29,6	24.725	57.759	133,6	40.254	65.051	61,6
Beneficio	21.809	34.935	60,2	-940	32.032		14.743	39.672	169,1

Táboa 10. Evolución dos índices técnicos nos grupos de incremento e redución de custos

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2006	2007	(%)	2006	2007	(%)	2006	2007	(%)
Número de explotacións	35	35		35	35		148	148	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS									
SAU (ha)	24,0	24,2	0,8	21,7	22,0	1,4	23,9	24,3	1,7
Nº de vacas	45,1	44,5	-1,3	39,2	40,5	3,3	45,0	46,3	2,9
Produción comercializada (L/expl.)	372.598	359.553	-3,5	257.381	306.588	19,1	356.220	375.529	5,4
Produción/SAU (L/ha)	15.525	14.859	-4,3	11.882	13.984	17,7	14.907	15.519	4,1
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN									
Vacas/ha	1,9	1,8	-5,3	1,8	1,8	0	1,9	1,9	0
UGM/ha	2,55	2,62	2,7	2,57	2,66	3,5	2,66	2,71	1,9
Partos/vaca/ano	0,86	0,86	0	0,92	0,80	-13	0,89	0,83	-6,7
Fertilizantes (€/ha)	144	160	10,9	139	206	48,3	157	192	22,7
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DE CONCENTRADO									
Rendemento (L/vaca)	8.265	8.092	-2,1	6.588	7.606	15,5	7.929	8.135	2,6
Concentrado (kg/vaca)	3.075	3.164	2,9	2.499	2.547	1,9	2.918	2.956	1,3
Concentrado/produción leite (g/L)	370	390	5,4	380	330	-13,2	370	360	-2,7
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)									
Compra de concentrado	8,42	10,47	24,3	8,52	8,7	2,1	8,37	9,72	16,1
Compra de forraxes	0,64	0,52	-18,8	0,81	0,51	-37	0,78	0,81	3,8
Produción de forraxes propias	2,62	3,47	32,4	3,74	3,49	-6,7	2,91	3,35	15,1
CALIDADE DO LEITE									
% graxa	3,88	3,87	-0,3	3,87	3,86	-0,3	3,81	3,86	1,3
% proteína	3,16	3,19	0,9	3,18	3,21	0,9	3,12	3,18	1,9
Bacterioloxía (000)	16,0	18,8	17,5	19,4	25,8	33,0	18,4	21,4	16,3
Células somáticas (000)	232,4	247,1	6,3	247,8	228,0	-8,0	229,1	232,1	1,3
PREZOS									
Leite (€/100 L)	31,43	39,02	24,1	31,15	37,99	22,0	31,53	38,74	22,9
Concentrado (€/t)	217,63	257,36	18,3	223,39	244,57	9,5	215,78	249,31	15,5
Relación prezos leite/concentrado	1,4	1,5	7,1	1,4	1,5	7,1	1,4	1,5	7,1

Gráfico 9. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite nos grupos con redución de custos (G. Red.) con incremento de custos (G. Incr.) e media xeral 2006-2007






Gráfico 10. Produción de leite por vaca, concentrado por vaca e gastos en fertilizantes por hectárea nos grupos de redución e incremento de custos e media xeral



5.

RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS



5. RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO, DA INTENSIFICACIÓN E DOS PREZOS

Os resultados das explotacións leiteiras comparáronse tomando a dimensión e o grao de intensificación dos sistemas produtivos como referencias estruturais. Prescindiuse das variábeis económicas, salvo dos prezos do leite e mais do concentrado, para evitar reiteracións nas conclusións.

As análises de todos estes anos, incluído o presente, indican que as pequenas explotacións son máis eficientes que as grandes; mais ese pequeno tamaño tamén é o factor limitante para seguir mellorando a súa produtividade porque a adopción de certas innovacións técnicas e a introdución de alternativas diversificadoras ou extensificadoras require unha dimensión mínima.

Para expresar as diferenzas de resultados entre explotacións de diferente tamaño utilizáronse tres criterios de dimensión: número de vacas, superficie agraria útil e volume de produción comercializada.

Para mostrar a incidencia da intensificación nos resultados das explotacións seleccionáronse, como criterios de estratificación, a carga gandeira, o rendemento leiteiro das vacas, a produción de leite por unidade de superficie e a relación entre consumo de concentrado e produción de leite. Tamén neste caso se prescindiu de variábeis de tipo económico, como os gastos por unidade de superficie, para evitar reiteracións. Non se incluíron referencias sobre a produtividade da man de obra pola escasa calidade dos datos.

5.1. Resultados en función do tamaño do rabaño

O número de vacas é a variábel máis utilizada para estratificar as explotacións en función do seu tamaño porque permite a comparación entre explotacións, mesmo se carecen de terras.

Na Galicia, o sistema de produción é independente do tamaño da explotación. A medida que aumenta a superficie, tamén o fai o número de vacas e a carga gandeira. A maior tamaño, maior é a intensificación. De feito, os resultados técnicos (Táboa 11) mostran que existe unha relación positiva entre tamaño do rabaño, superficie, carga gandeira, rendemento leiteiro, consumo de concentrado por vaca e prezo do leite (Gráfico 11), e como resulta obvio, tamén coa produción comercializada.

No estrato de 60-79,9 vacas apréciase un menor consumo de fertilizantes e unha peor relación entre consumo de concentrado e produción de leite, ao contrario do que acontecía o ano anterior e para o que non hai explicación.

As primas que as industrias pagan en función do volume de entregas son a causa do mellor prezo do leite nas explotacións de maior tamaño. No prezo do concentrado, o tamaño parece influír menos que outras circunstancias como a proximidade a unha industria ou o mellor funcionamento da cooperativa da que se é socio.

Os resultados económicos tamén son moi indicativos (Táboa 12). As explotacións con maior número de vacas teñen un produto bruto superior e maiores ingresos derivados da venda do leite. Porén, a venda de animais é menor canto maior é o número de vacas, o que indica que en Galicia a especialización leiteira se acentúa a medida que aumenta o tamaño do rabaño.

Nos gastos variábeis, o estrato de 40-59,9 vacas é o que peor se comporta porque en todas as partidas que os compoñen os custos son altos, mesmo se nalgunha delas se alcanzan valores máis elevados nos estratos superiores, como acontece nas partidas de sanidade e reprodución, enerxía e maquinaria ou na compra de alimentos de recría ou para vacas. Nos gastos fixos, os valores máis altos aprécianse nos dous estratos extremos. O anómalo comportamento do estrato de 40-59,9 vacas pode deberse á presenza de moitas explotacións en expansión, con investimentos importantes en gando, maquinaria e instalacións e nas que existen desaxustes por falta de previsión e problemas de manexo e de xestión. O seu custo de produción só é inferior ao do estrato de máis de 80 vacas e a súa marxe neta e beneficio só son superiores aos do estrato de menos de 20 vacas (Gráfico 12).

Os custos de oportunidade diminúen a medida que aumenta o tamaño do rabaño, a marxe neta varía en función do custo de produción e dos ingresos e o beneficio, salvo no estrato de 40-59,9 vacas, que aumenta a medida que medra o tamaño do rabaño. De terse utilizado outra escala para a estratificación é posíbel que as diferenzas que se observan no estrato de 40-59,9 se diluísen.

Táboa 11. Índices técnicos por número de vacas en 2007

Número de vacas	< 20	20 – 39,9	40 – 59,9	60 – 79,9	≥ 80
Número de explotacións	16	86	65	17	17
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	11,2	18,3	26,6	37,4	40,4
Número medio de vacas	15,3	30,4	48,5	67,8	101,8
Produción comercializada (L/expl.)	89.567	210.401	390.958	558.166	919.800
Produción /SAU (L/ha)	8.116	11.595	14.748	14.926	22.771
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,4	1,7	1,8	1,8	2,5
UGM/ha	2,17	2,38	2,87	2,65	3,61
Partos/vaca/ano	0,83	0,84	0,82	0,85	0,83
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	150	167	218	191	263
N (kg/ha)	84	111	125	118	153
P ₂ O ₅ (kg/ha)	65	63	69	56	111
K ₂ O (kg/ha)	54	51	57	40	63
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	5.941	6.972	8.077	8.245	9.038
Concentrado (kg/vaca)	2.089	2.581	3.059	3.265	3.500
Concentrado/leite (g/L)	350	370	380	400	390
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	8,96	9,34	9,59	10,08	9,85
Compra de forraxes	0,28	0,35	0,80	0,72	1,05
Produción de forraxes propias	3,36	3,65	3,99	3,37	3,13
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,80	3,89	3,88	3,85	3,73
% proteína	3,07	3,18	3,19	3,24	3,13
Bacterioloxía (000)	32,3	29,1	21,3	14,1	14,4
Células somáticas (000)	220,0	254,3	223,3	210,5	243,5
PREZOS					
Leite (€/100 L)	35,70	37,82	38,47	39,01	39,96
Concentrado (€/t)	250,38	248,72	249,98	255,36	260,68
Relación prezos leite/Concentrado	1,42	1,52	1,53	1,52	1,53

Táboa 12. Índices económicos por número de vacas en 2007

Número de vacas	< 20	20 – 39,9	40 – 59,9	60 – 79,9	≥ 80
Número de explotacións	16	86	65	17	17
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	35,70	37,82	38,47	39,01	39,96
Venda de animais	2,95	2,83	2,35	2,14	1,84
Variación do inventario	-0,76	0,66	1,01	0,11	1,77
Outros ingresos	4,88	4,26	4,05	5,15	3,69
Produto bruto	42,76	45,57	45,87	46,42	47,26
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,75	0,44	0,63	0,44	0,24
Compra alimentos vacas	9,25	9,69	10,39	10,80	10,90
Compra alimentos recría	0,67	1,34	1,72	1,19	1,90
Produción propia, forraxes	3,36	3,65	3,99	3,37	3,13
Sanidade e reprodución	2,52	2,41	2,76	2,80	2,70
Enerxía e maquinaria	2,17	2,38	2,62	2,09	2,99
Total Gastos Variábeis	18,72	19,92	22,11	20,70	21,86
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	5,41	3,81	3,69	2,61	3,50
Outros custos fixos	1,59	0,71	0,92	0,54	1,69
Man de obra retribuída	1,98	2,82	3,49	4,65	3,56
Total Custos Fixos	8,98	7,34	8,10	7,79	8,75
Custo de produción	27,71	27,26	30,20	28,50	30,61
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,83	1,88	1,74	1,13	1,37
Renda das terras propias	2,99	2,09	1,63	1,61	1,05
Custo do traballo familiar	9,38	5,19	3,65	3,31	1,83
Total Custo de Oportunidade	15,19	9,16	7,03	6,05	4,25
Custos Totais	42,90	36,42	37,23	34,55	34,86
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	15,05	18,31	15,67	17,92	16,65
Beneficio	-0,14	9,16	8,64	11,87	12,41

Gráfico 11. SAU (ha), número medio de vacas por explotación, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) segundo o tamaño por número de vacas en 2007





Gráfico 12. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite por número de vacas en 2007



5.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil

A Superficie Agraria Útil, entendida como a destinada exclusivamente á alimentación do gando de leite, permite estratificar as explotacións en función do tamaño da súa base territorial.

No conxunto das explotacións analizadas de menos de 40 ha, á maior superficie corresponde un número superior de vacas, un rendemento por vaca e un consumo de concentrado por vaca máis elevados, e unha produción total de leite máis alta. O estrato superior ten un comportamento distinto porque a súa baixa carga gandeira lle permite reducir o consumo de concentrado por vaca. Por outra parte, a produción por hectárea é decrecente a medida que aumenta a superficie, salvo no estrato de 30-39,9 vacas, que é o que segue un sistema de produción máis intensivo, mesmo se o estrato inferior ten unha carga gandeira máis baixa (Táboa 13).

Cómpre salientar as diferenzas entre os dous estratos superiores porque representan os dous modelos que as explotacións leiteiras seguen cando aumenta o seu tamaño. No de 30-39,9 ha, o sistema de produción é moito máis intensivo que no de 40 ou máis hectáreas, ao que ultrapasa en número de vacas, carga gandeira, consumo de fertilizantes, rendemento por vaca, consumo de concentrado por vaca e produción de leite por hectárea, vaca e total (Gráfico 13).

As diferenzas no prezo do leite débense ao maior volume de produción e as do prezo do concentrado non están ligadas á dimensión da SAU.

Do punto de vista económico, a venda do leite e o produto bruto aumentan co tamaño da explotación, até o estrato de ≥ 40 ha (Táboa 14). Os custos variábeis, fixos e o custo total de produción parecen independentes da superficie, igual que a marxe neta e o beneficio. Só os de oportunidade diminúen ao aumentar a SAU (Gráfico 14).

Os excelentes resultados das explotacións de 10-19,9 ha indican que a súa xestión é moito mellor que a das grandes, que son incapaces de aproveitar as vantaxes que ofrece a súa maior base territorial, aínda que é posíbel que o seu parcelamento o impida.

Por outra parte, a extensificación das explotacións do estrato superior non vai acompañada dunha redución de custos, o que explica que os seus resultados sexan peores que os do estrato de 30-39,9 ha, isto indica que o seu nivel técnico é manifestamente mellorábel.

Táboa 13. Índices técnicos por SAU (ha) en 2007

SAU (ha)	<10	10 – 19,9	20 – 29,9	30 – 39,9	≥ 40
Número de explotacións	12	81	52	37	19
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU media (ha)	7,4	15,5	24,0	34,1	50,2
Nº medio de vacas	21,2	32,0	42,1	70,0	66,8
Produción comercializada (L)	122.879	227.208	326.253	622.358	536.549
Produción/SAU (L/ha)	16.649	14.808	13.655	18.300	10.687
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	2,9	2,1	1,8	2,1	1,3
UGM/ha	3,72	2,77	2,40	2,74	1,96
Partos/vaca/ano	0,75	0,83	0,84	0,86	0,83
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	207	202	163	217	140
N (kg/ha)	125	126	98	133	83
P ₂ O ₅ (kg/ha)	110	73	44	84	44
K ₂ O (kg/ha)	99	59	36	54	35
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	5.818	7.159	7.768	8.900	8.033
Concentrado (kg/vaca)	2.232	2.606	2.923	3.348	2.919
Concentrado/leite (g/L)	380	360	380	380	360
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,38	9,39	9,99	9,68	9,45
Compra de forraxes	0,24	0,51	0,51	1,00	0,91
Produción de forraxes propias	3,08	3,53	3,72	3,52	3,87
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,84	3,88	3,89	3,83	3,77
% proteína	3,23	3,15	3,19	3,20	3,15
Bacterioloxía (000)	30,1	26,8	27,6	15,9	16,6
Células somáticas (000)	262,7	230,8	257,1	203,2	254,5
PREZOS					
Leite (€/100 L)	36,05	37,93	38,5	39,68	38,26
Concentrado (€/t)	241,71	248,23	255,65	249,2	257,65
Relación prezos leite/concentrado	1,49	1,52	1,50	1,59	1,48

Táboa 14. Índices económicos por SAU (ha) en 2007

SAU (ha)	< 10	10 - 19,9	20 - 29,9	30 - 39,9	≥ 40
Número de explotacións	12	81	52	37	19
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	36,05	37,93	38,50	39,68	38,26
Venda de animais	2,17	2,62	2,28	1,92	2,93
Variación do inventario	1,79	0,57	0,96	0,96	1,35
Total outros ingresos	4,45	3,93	4,41	4,27	4,06
Produto bruto	44,46	45,05	46,15	46,83	46,60
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,90	0,30	0,45	0,49	0,70
Compra alimentos vacas	9,62	9,39	10,50	10,67	10,36
Compra alimentos recría	1,67	1,42	1,48	1,60	1,90
Produción propia, forraxes	3,08	3,53	3,72	3,52	3,87
Sanidade e reprodución	2,78	2,54	2,67	2,78	2,53
Enerxía e maquinaria	2,78	2,29	2,86	2,33	3,04
Total Gastos Variábeis	20,83	19,98	21,68	21,39	22,40
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	6,40	3,43	4,16	3,11	3,42
Man de obra retribuída	1,77	0,65	0,73	1,25	1,40
Outros custos fixos	1,57	2,99	3,12	4,16	3,58
Total Custos Fixos	9,74	7,08	8,01	8,52	8,40
Custo de produción	30,57	27,06	29,69	29,91	30,79
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	3,46	1,78	1,87	1,26	1,55
Renda das terras propias	1,45	1,63	1,76	1,31	2,25
Custo do traballo familiar	6,84	4,81	4,38	2,70	3,13
Total Custo de Oportunidade	11,75	8,22	8,01	5,27	6,93
Custos Totais	42,32	35,28	37,7	35,18	37,72
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	13,88	17,99	16,46	16,92	15,81
Beneficio	2,13	9,76	8,45	11,65	8,88

Gráfico 13. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da SAU en 2007





Gráfico 14. Custos variábeis, fixos, marxe neta e prezo do leite en función da SAU en 2007



5.3. Resultados por volume de leite comercializado

O volume de produción integra todos os demais criterios de dimensión e ofrece unha visión das relacións entre as variábeis relativas ao tamaño. A maior superficie, maior número de vacas, superior rendemento leiteiro por vaca e consumo de concentrado por vaca e prezo do leite máis altos. Como consecuencia, maior produción de leite por hectárea e total (Táboa 15).

O máis salientábel é que a maior dimensión das explotacións significa, tamén, unha maior intensificación do seu sistema produtivo, cousa que xa se observou en análises de anos anteriores (Gráfico 15).

Os resultados económicos mostran que os ingresos pola venda de leite aumentan co volume de produción e, pola contra, que os derivados da venda de animais diminúen. Nos demais ingresos non se observa unha relación clara co volume de leite comercializado, polo que o produto bruto tampouco a ten (Táboa 16).

Os gastos variábeis e o custo de produción tampouco gardan relación co volume de produción. Os fixos tenden a reducirse a medida que aumenta o volume de produción, mais a partir dos 800.000 litros de produción incrementáanse (Gráfico 16). Só os custos de oportunidade diminúen claramente ao aumentar o volume de produción.

Curiosamente, as explotacións do estrato superior son as que teñen unha marxe neta menor, aínda que o seu beneficio só é inferior ás do estrato de 600-799,9 miles de litros, o que ratifica que as explotacións galegas de maior volume de produción de leite son incapaces de aproveitar as economías de escala pola súa deficiente xestión. Os seus gastos variábeis e fixos son os máis altos. Só avantaxan ao resto nos custos de oportunidade.



Táboa 15. Índices técnicos por volume de produción comercializada (000 L) en 2007

Produción (000 L)	< 200	200-399,9	400-599,9	600-799,9	≥ 800
Número de explotacións	62	75	41	11	12
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	15,5	22,3	30,8	42,8	36,8
Nº de vacas	24,5	40,1	55,0	75,7	107,2
Produción comercializada (L)	140.618	291.397	480.457	695.143	1.012.239
Produción/SAU (L/ha)	9.164	13.166	15.640	16.244	27.552
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,6	1,8	1,8	1,8	2,9
UGM/ha	2,28	2,70	2,71	2,69	4,01
Partos/vaca/ano	0,80	0,85	0,85	0,87	0,85
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	151	201	215	192	296
N (kg/ha)	95	125	129	106	170
P ₂ O ₅ (kg/ha)	61	69	65	48	144
K ₂ O (kg/ha)	55	55	42	46	74
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	5.776	7.321	8.753	9.192	9.449
Concentrado (kg/vaca)	2.209	2.836	3.311	3.418	3.846
Concentrado/leite (g/L)	380	390	380	370	410
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,34	9,66	9,66	9,29	9,98
Compra de forraxes	0,29	0,40	0,70	1,38	1,22
Produción de forraxes propias	3,33	4,38	3,51	3,28	2,81
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,86	3,91	3,82	3,79	3,77
% proteína	3,15	3,19	3,18	3,21	3,17
Bacterioloxía (000)	34,9	23,7	15,5	12,1	15,3
Células somáticas (000)	269,4	232,7	214,2	181,3	224,3
PREZOS					
Leite (€/100 L)	36,33	38,39	38,60	39,89	40,10
Concentrado (€/t)	247,01	249,74	256,52	259,61	249,89
Relación prezos leite/Concentrado	1,47	1,53	1,50	1,53	1,60

Táboa 16. Índices económicos por volume de produción comercializada (000 L) en 2007

Produción (000 L)	< 200	200-399,9	400-599,9	600-799,9	≥ 800
Número de explotacións	62	75	41	11	12
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	36,33	38,39	38,60	39,89	40,10
Venda de animais	3,14	2,51	2,36	2,10	1,60
Variación do inventario	0,24	1,04	0,55	1,36	1,57
Total outros ingresos	4,06	4,44	3,95	5,48	3,41
Produto bruto	43,76	46,38	45,46	48,82	46,69
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,65	0,56	0,52	0,15	0,31
Compra alimentos vacas	9,63	10,06	10,36	10,67	11,20
Compra alimentos recría	1,40	1,44	1,60	1,34	2,02
Produción propia, forraxes	3,33	4,38	3,51	3,28	2,81
Sanidade e reprodución	2,58	2,65	2,71	2,66	2,64
Enerxía e maquinaria	1,99	2,82	2,36	1,99	3,18
Total Gastos Variábeis	19,57	21,92	21,06	20,08	22,16
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	4,59	3,96	2,93	2,78	3,64
Outros custos fixos	1,37	0,78	0,63	0,49	2,07
Man de obra retribuída	2,28	3,14	4,05	3,85	3,66
Total Custos Fixos	8,24	7,88	7,61	7,13	9,37
Custo de produción	27,82	29,80	28,67	27,21	31,53
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,56	1,83	1,36	0,92	1,49
Renda das terras propias	2,64	1,83	1,54	1,48	0,87
Custo do traballo familiar	5,97	4,32	3,15	2,42	1,24
Total Custo de Oportunidade	11,17	7,99	6,05	4,82	3,60
Custos Totais	38,99	37,79	34,72	32,03	35,13
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	15,95	16,58	16,79	21,61	15,16
Beneficio	4,77	8,59	10,74	16,80	11,55

Gráfico 15. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do volume de leite comercializado en 2007





Gráfico 16. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do volume de leite comercializado en 2007



5.4. Resultados en función da carga gandeira

Na carga gandeira, un dos factores considerado na normativa reguladora dos sistemas agrarios sustentábeis, incluíuse a totalidade do rabaño, polo que se utilizou como unidade de medida a Unidade de Gando Maior por ha (UGM/ha).

A carga gandeira nas explotacións galegas de vacún de leite é relativamente alta, aínda que parece que tende a diminuír respecto a anos anteriores. Só o 25,9% das explotacións analizadas está por debaixo das 2 UGM/ha, no entanto o 29,9% pasa das 3 UGM/ha.

Existe unha relación directa entre a carga gandeira, tanto en UGM/ha como en vacas/ha, e a produción de leite por hectárea e total, número de vacas por explotación, rendemento leiteiro por vaca e emprego de fertilizantes. A relación coa SAU é lóxicamente inversa, pois a medida que aumenta, menor é a carga gandeira (Táboa 17).

Como xa se manifestou en análises de anos anteriores, resulta paradoxal que as explotacións con maior carga sexan as que máis gastan en fertilizantes químicos (Gráfico 17). Este deficiente manexo dos fertilizantes revela unha carencia de formación técnica e falta de aconsellamento que, ademais de elevar inutilmente o custo de produción, provoca problemas de contaminación.

Os resultados económicos mostran que os ingresos de leite, e non así o produto bruto, están directamente relacionados coa carga, pola sinxela razón de que o volume de leite comercializado, como xa se viu, é maior.

Por outra parte, a medida que aumenta a carga gandeira diminúe o custo de oportunidade e o total, no entanto aumentan os custos fixos, salvo no estrato de 2,0-2,49 vacas. Menos clara é a relación entre carga gandeira, gastos variábeis e custo de produción. As diferenzas na marxe neta e no beneficio débense ás diferenzas no produto bruto, pois tanto os custos de oportunidade como os totais decrecen a medida que aumenta a carga gandeira (Táboa 18).



Táboa 17. Índices técnicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2007

UGM/ha	< 2	2,0 – 2,49	2,5 – 2,99	3,0 – 3,99	≥ 4,0
Número de explotacións	52	47	42	39	21
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	27,4	25,2	22,7	21,4	19,2
Nº de vacas	32,5	41,1	45,1	55,3	58,4
Produción comercializada (L)	231.450	313.796	357.100	462.211	488.431
Produción/SAU (L/ha)	8.471	12.501	15.779	21.663	25.491
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,2	1,6	2,0	2,6	3,0
UGM/ha	1,61	2,23	2,69	3,40	4,82
Partos/vaca/ano	0,87	0,83	0,87	0,78	0,78
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	122	156	199	226	338
N (kg/ha)	71	99	131	142	188
P ₂ O ₅ (kg/ha)	43	61	62	74	135
K ₂ O (kg/ha)	35	47	49	63	105
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.154	7.669	7.952	8.378	8.384
Concentrado (kg/vaca)	2.516	2.780	3.034	3.061	2.901
Concentrado/Leite (g/L)	350	360	380	370	350
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,12	9,44	10,18	10,00	9,08
Compra de forraxes	0,27	0,94	0,52	0,74	1,20
Produción de forraxes propias	3,86	3,59	4,09	2,96	3,79
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,89	3,82	3,85	3,89	3,86
% proteína	3,17	3,15	3,15	3,19	3,24
Bacterioloxía (000)	29,6	23,7	23,9	19,3	22,3
Células somáticas (000)	265,6	218,0	210,7	243,5	246,7
PREZOS					
Leite (€/100 L)	37,31	38,41	38,86	38,95	39,76
Concentrado (€/t)	250,57	249,18	255,7	249,1	248,64
Relación prezos leite/Concentrado	1,48	1,54	1,51	1,56	1,60

Táboa 18. Índices económicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2007

UGM/ha	< 2	2,0 – 2,49	2,5 – 2,99	3,0 – 3,99	≥ 4,0
Número de explotacións	52	47	42	39	21
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	37,31	38,41	38,86	38,95	39,76
Venda de animais	3,26	2,37	2,47	1,92	1,78
Variación do inventario	0,49	0,58	0,88	1,21	1,53
Total outros ingresos	4,39	3,64	5,12	4,1	3,53
Produto bruto	45,45	45,00	47,34	46,18	46,59
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,52	0,94	0,34	0,33	0,19
Compra alimentos vacas	9,39	10,39	10,71	10,74	10,28
Compra alimentos recría	1,65	1,52	1,31	1,77	1,57
Produción propia, forraxes	3,86	3,59	4,09	2,96	3,79
Sanidade e reprodución	2,49	2,50	2,88	2,68	2,72
Enerxía e maquinaria	2,98	2,01	2,62	2,95	2,07
Total Gastos Variábeis	20,88	20,95	21,95	21,43	20,63
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	3,65	3,48	3,49	3,69	3,49
Man de obra retribuída	0,81	1,27	0,56	0,95	1,57
Outros Custos fixos	3,49	3,13	3,93	3,43	3,26
Total Custos Fixos	7,95	7,88	7,97	8,07	8,32
Custo de produción	28,83	28,83	29,92	29,49	28,95
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	1,96	1,68	1,36	1,72	1,43
Renda das terras propias	2,84	1,93	1,53	1,11	0,94
Custo do traballo familiar	4,72	4,02	3,53	3,27	3,10
Total Custo de Oportunidade	9,52	7,62	6,42	6,10	5,47
Custos Totais	38,35	36,45	36,34	35,59	34,42
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	16,63	16,17	17,41	16,88	17,64
Beneficio	7,10	8,55	11,00	10,58	12,18

Gráfico 17. Custo de fertilizantes (€/ha), rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2007





Gráfico 18. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2007



5.5. Resultados en función do rendemento leiteiro

Aínda que o rendemento leiteiro, medido pola produción de leite por vaca e ano, sexa considerado un índice fundamental da eficiencia produtiva, só cando se analiza conxuntamente coas variábeis económicas permite coñecer a relatividade da súa importancia.

Existe unha clara relación entre rendemento por vaca, consumo de concentrado por vaca, tamaño do rabaño, volume de produción comercializada e gasto en fertilizantes, o que mostra unha vez máis a relación entre maior dimensión e intensificación (Táboa 19).

Porén, non se observan grandes diferenzas na carga gandeira, salvo no estrato superior, e a relación entre consumo de concentrado e produción de leite é algo menor no estrato de 6.500-7.499,9 L/vaca (Gráfico 19). As diferenzas no prezo do leite débense ao tamaño do volume de produción comercializada debido ás primas por volume.

Produto bruto, gastos fixos, gastos variábeis e marxe neta parecen independentes do rendemento por vaca (Táboa 20). Pola contra, o rendemento por vaca garda unha relación directa co beneficio e inversa cos custos de oportunidade.



Táboa 19. Índices técnicos por rendemento leiteiro (L/vaca) en 2007

Litros/vaca/ano	< 5.500	5.500-6.499,9	6.500-7.499,9	7.500-8.499,9	≥8.500
Número de explotacións	27	36	37	38	63
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	18,4	19,1	21,5	27,5	28,3
Nº de vacas	32,1	33,6	34,8	47,5	59,2
Produción comercializada (L)	147.934	202.784	243.215	376.969	562.651
Produción/SAU (L/ha)	8.102	10.687	11.440	13.752	19.934
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,7	1,8	1,6	1,7	2,1
UGM/ha	2,55	2,47	2,40	2,58	2,99
Partos/vaca/ano	0,72	0,77	0,87	0,88	0,89
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	146	165	185	202	230
N (kg/ha)	99	107	115	113	139
P ₂ O ₅ (kg/ha)	58	74	65	69	69
K ₂ O (kg/ha)	52	64	53	46	50
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	4.630	6.064	7.059	7.963	9.522
Concentrado (kg/vaca)	1.783	2.335	2.592	3.038	3.582
Concentrado/leite (g/L)	390	390	370	380	380
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,70	9,68	9,37	9,60	9,70
Compra de forraxes	0,50	0,30	0,29	0,47	1,04
Produción de forraxes propias	3,56	3,54	4,35	4,42	3,12
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,88	3,81	3,95	3,90	3,82
% proteína	3,20	3,14	3,17	3,19	3,17
Bacterioloxía (000)	41,6	31,2	23,9	19,4	15,9
Células somáticas (000)	355,4	234,4	233,8	192,7	213,5
PREZOS					
Leite (€/100 L)	35,98	36,65	38,26	38,89	39,37
Concentrado (€/t)	249,82	242,79	250,33	253,42	254,59
Relación prezos leite/Concentrado	1,44	1,51	1,52	1,53	1,54

Táboa 20. Índices económicos por rendemento leiteiro (L/vaca) en 2007

Litros/vaca/ano	< 5.500	5.500-6.499,9	6.500-7. 499,9	7.500-8.499,9	≥8.500
Número de explotacións	27	36	37	38	63
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	35,98	36,65	38,26	38,89	39,37
Venda de animais	4,09	2,46	2,47	2,38	2,07
Variación do inventario	0,05	0,80	0,77	0,78	1,16
Total outros ingresos	4,34	3,36	4,30	4,57	4,16
Produto bruto	44,46	43,27	45,80	46,63	46,76
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,64	0,53	0,88	0,17	0,46
Compra alimentos vacas	10,20	9,98	9,66	10,08	10,75
Compra alimentos recría	1,79	0,85	1,34	1,57	1,75
Produción propia, forraxes	3,56	3,54	4,35	4,42	3,12
Sanidade e reprodución	2,76	2,59	2,57	2,58	2,71
Enerxía e maquinaria	2,36	2,46	2,44	2,21	2,77
Total Gastos Variábeis	21,30	19,95	21,24	21,02	21,56
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	6,14	4,46	3,01	3,85	3,12
Man de obra retribuída	2,37	1,06	0,83	0,66	1,01
Outros custos fixos	1,98	2,40	3,18	3,25	4,01
Total Custos Fixos	10,49	7,91	7,02	7,75	8,13
Custo de produción	31,79	27,86	28,26	28,78	29,70
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	3,54	2,61	1,50	1,62	1,25
Renda das terras propias	2,98	2,26	2,12	1,75	1,21
Custo do traballo familiar	7,38	5,39	4,49	3,79	2,99
Total Custo de Oportunidade	13,90	10,26	8,10	7,16	5,45
Custos Totais	45,69	38,12	36,36	35,94	35,15
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	12,67	15,41	17,54	17,85	17,06
Beneficio	-1,23	5,15	9,43	10,69	11,62

Gráfico 19. Rendemento leiteiro (L/vaca), custo dos fertilizantes (€/ha) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do rendemento leiteiro (L/vaca) en 2007





Gráfico 20. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do rendemento leiteiro (L/vaca) en 2007



5.6. Resultados en función da produción por unidade de superficie

A produción de leite por hectárea é un criterio que combina carga gandeira e rendemento das vacas, e tal vez sexa o que mellor estratifica as explotacións en función da intensificación dos sistemas produtivos.

A produción de leite por hectárea aparece relacionada directamente co tamaño do rabaño, coa produción total de leite por explotación, coa carga gandeira, co rendemento por vaca, co gasto en fertilizantes por hectárea e co concentrado consumido por vaca, aínda que este é semellante nos dous estratos superiores (Táboa 21 e Gráfico 21).

A produción de leite por hectárea está relacionada directamente cos ingresos por venda de leite e inversamente cos custos de oportunidade, que no estrato inferior duplican os do superior. Produto bruto, gastos variábeis e fixos parecen independentes (Táboa 22).

O beneficio crece ao aumentar a produción por hectárea. Tamén a marxe neta, salvo no estrato superior, debido ao seu alto custo de produción, que só é inferior ao do estrato de menos de 10.000 L/ha (Gráfico 22).



Táboa 21. Índices técnicos segundo a produción por unidade de superficie (000 L/ha) en 2007

(000 L/ha)	<10	10 – 14,9	15 – 19,9	20 – 24,9	≥ 25
Número de explotacións	50	66	42	23	20
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	26,3	24,2	21,6	23,0	23,0
Nº de vacas	32,2	39,6	45,1	56,9	73,8
Produción comercializada (L)	193.260	296.731	368.354	506.451	684.937
Produción/SAU (L/ha)	7.374	12.360	17.127	22.130	29.828
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,2	1,6	2,1	2,5	3,2
UGM/ha	1,78	2,26	2,95	3,56	4,44
Partos/vaca/ano	0,80	0,87	0,84	0,81	0,82
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	113	170	215	294	348
N (kg/ha)	66	109	139	164	212
P ₂ O ₅ (kg/ha)	42	64	67	100	141
K ₂ O (kg/ha)	35	50	53	87	92
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	6.030	7.545	8.201	8.922	9.285
Concentrado (kg/vaca)	2.221	2.797	3.055	3.380	3.375
Concentrado/Leite (g/L)	370	370	370	380	360
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,32	9,66	9,72	9,80	9,60
Compra de forraxes	0,35	0,40	1,01	0,74	1,09
Produción de forraxes propias	4,11	3,90	3,89	3,45	2,67
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,92	3,84	3,83	3,89	3,85
% proteína	3,19	3,13	3,20	3,19	3,20
Bacterioloxía (000)	32,9	24,5	22,4	17,0	14,3
Células somáticas (000)	283,1	218,9	237,8	197,0	220,9
PREZOS					
Leite (€/100 L)	36,82	38,09	38,83	39,12	40,15
Concentrado (€/t)	248,45	251,59	251,69	246,09	257,93
Relación prezos leite/Concentrado	1,48	1,51	1,54	1,59	1,55

Táboa 22. Índices económicos segundo a produción por unidade de superficie (L/ha) en 2007

(000 L/ha)	<10	10 – 14,9	15 – 19,9	20 – 24,9	≥ 25
Explotacións	50	66	42	23	20
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	36,82	38,09	38,83	39,12	40,15
Venda de animais	3,36	2,75	2,14	1,69	1,82
Variación do inventario	0,57	0,57	1,10	1,09	1,36
Total outros ingresos	4,74	3,52	5,08	3,81	4,10
Produto bruto	45,48	44,93	47,16	45,71	47,42
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,86	0,32	0,79	0,22	0,27
Compra alimentos vacas	9,68	10,06	10,73	10,54	10,69
Compra alimentos recría	1,69	1,45	1,37	1,13	2,26
Produción propia, forraxes	4,11	3,90	3,89	3,45	2,67
Sanidade e reprodución	2,59	2,48	2,86	2,69	2,70
Enerxía e maquinaria	2,26	2,67	2,38	2,15	3,16
Total Gastos Variábeis	21,19	20,87	22,02	20,18	21,76
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	4,49	3,29	3,52	3,97	3,02
Man de obra retribuída	1,61	0,74	0,70	0,93	1,34
Outros custos fixos	3,01	3,16	3,75	3,44	3,89
Total Custos Fixos	9,11	7,18	7,97	8,34	8,25
Custo de produción	30,29	28,06	29,99	28,52	30,01
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,60	1,49	1,53	1,72	1,19
Renda das terras propias	3,27	1,95	1,41	1,09	0,81
Custo do traballo familiar	5,65	3,96	3,42	2,99	2,45
Total Custo de Oportunidade	11,51	7,41	6,36	5,80	4,45
Custos Totais	41,8	35,47	36,35	34,32	34,46
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	15,19	16,87	17,17	18,17	17,42
Beneficio	3,68	9,46	10,81	11,39	12,97

Gráfico 21. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da produción de leite por ha en 2007





Gráfico 22. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da produción de leite/ha en 2007



5.7. Resultados en función do uso do concentrado

A relación entre consumo de concentrado e produción de leite é un indicador de produtividade que relaciona o gasto da alimentación co volume de produto obtido.

Non aparece relacionado con ningunha das variábeis relativas ao tamaño, como superficie, número de vacas ou produción comercializada por explotación, nin coas relativas á intensificación, como carga gandeira, nin sequera cos prezos de leite e concentrado. Só está relacionado, directamente, co consumo de concentrado por vaca (Táboa 23 e Gráfico 23).

Cómpre salientar que as explotacións con peor relación entre consumo de concentrado e produción de leite non son as que teñen rendementos máis altos por vaca nin rabaños máis grandes, nin unha carga gandeira moito máis alta, o que indica que o manexo é deficiente, que o seu ensilado é probabelmente de baixa calidade e que, polo tanto, require un consumo de concentrado alto.

Os ingresos pola venda do leite non gardan relación con este parámetro; mais si os gastos variábeis, cuxa diferenza entre os estratos dos dous extremos supera os 6,1 €/100 L e nos custos totais os 6,91 €/100 L, o que explica as diferenzas tanto en termos de marxe neta como de beneficio (Táboa 24).

Con todo, non é o estrato inferior o que ten mellores resultados, senón o de 300-350 g/L para a marxe neta, e o de 350-399,9 para o beneficio, que son as explotacións que teñen os custos de produción e totais máis baixos (Gráfico 24).



Táboa 23. Índices técnicos por uso de concentrado en relación coa produción de leite (g/L)

Concentrado/leite (g/L)	< 300	300-349,9	350-399,9	400-499,9	≥ 500
Número de explotacións	26	45	59	57	14
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	20,0	24,4	25,3	25,1	19,0
Nº de vacas	35,0	40,1	49,4	47,6	40,0
Produción comercializada (L)	243.788	320.448	401.881	387.615	250.108
Produción /SAU (L/ha)	12.334	13.209	15.958	15.467	13.199
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,8	1,6	2,0	1,9	2,1
UGM/ha	2,54	2,39	2,78	2,71	2,87
Partos/vaca/ano	0,78	0,92	0,83	0,82	0,72
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	176	189	202	195	148
N (kg/ha)	106	110	124	122	102
P ₂ O ₅ (kg/ha)	80	62	73	62	61
K ₂ O (kg/ha)	56	44	56	54	55
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.033	8.031	8.169	8.158	6.273
Concentrado (kg/vaca)	1.630	2.513	2.915	3.322	3.746
Concentrado/Leite (g/L)	230	310	360	410	600
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	6,80	8,08	9,45	10,86	14,70
Compra de forraxes	0,33	1,13	0,55	0,81	0,30
Produción de forraxes propias	4,14	3,92	3,61	3,28	3,54
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,91	3,86	3,90	3,84	3,77
% proteína	3,16	3,13	3,18	3,19	3,26
Bacterioloxía (000)	33,2	22,5	19,2	25,3	29,7
Células somáticas (000)	258,3	221,8	211,2	251,8	285,9
PREZOS					
Leite (€/100 L)	37,69	38,58	39,21	38,78	36,09
Concentrado (€/t)	256,88	248,37	253,12	251,09	236,79
Relación prezos leite/Concentrado	1,46	1,55	1,54	1,54	1,52

Táboa 24. Índices económicos por uso de concentrado en relación coa produción de leite (g/L)

Concentrado/Leite (g/L)	< 300	300-349,9	350-399,9	400-499,9	≥ 500
Número de explotacións	26	45	59	57	14
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	37,69	38,58	39,21	38,78	36,09
Venda de animais	2,23	2,74	2,20	2,28	2,29
Variación do inventario	0,69	0,58	1,21	1,07	0,03
Total outros ingresos	5,62	4,52	3,99	3,95	3,10
Produto bruto	46,23	46,42	46,62	46,07	41,51
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,20	0,51	0,25	0,81	0,20
Compra alimentos vacas	7,13	9,21	10,00	11,68	15,00
Compra alimentos recría	1,11	1,53	1,54	1,87	0,86
Produción propia, forraxes	4,14	3,92	3,61	3,28	3,54
Sanidade e reprodución	2,27	2,61	2,64	2,82	2,60
Energía e maquinaria	3,15	2,15	2,48	2,85	1,90
Total Gastos Variábeis	18,00	19,94	20,52	23,30	24,10
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	5,52	2,91	3,38	3,25	5,91
Man de obra retribuída	1,93	0,80	0,69	1,07	1,73
Outros custos fixos	2,84	3,52	3,36	3,94	2,05
Total Custos Fixos	10,29	7,24	7,43	8,26	9,68
Custo de produción	28,29	27,17	27,95	31,56	33,78
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,16	1,33	1,52	1,51	3,49
Renda das terras propias	1,97	1,82	1,51	1,55	1,82
Custo do traballo familiar	4,48	3,93	3,34	3,47	4,70
Total Custo de Oportunidade	8,60	7,08	6,37	6,53	10,02
Custos Totais	36,89	34,25	34,32	38,09	43,80
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	17,93	27,17	18,67	14,51	7,73
Beneficio	9,33	12,16	12,30	7,98	-2,29

Gráfico 23. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (g/L) en 2007





Gráfico 24. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (g/L) en 2007



5.8. Resultados en función do prezo do leite

O prezo do leite está relacionado directamente coa produción comercializada e, de facto, as primas por volume son parte do prezo. O procedemento máis rápido para aumentar a produción, cando o prezo se eleva, é incrementar o rendemento leiteiro intensificando o consumo de concentrado por vaca. Como se pode observar, canto maior é o prezo, máis alta é a produción total, o número de vacas, a produción por vaca e por hectárea e o consumo de concentrado (Táboa 25 e Gráfico 25).

Os produtores toman as decisións, fundamentalmente, en función do prezo do leite. Mellor prezo significa uns ingresos pola venda de leite e un produto bruto máis altos. Porén, os ingresos por venda de animais diminúen a medida que aumenta o prezo do leite.

Os mellores resultados, tanto en marxe neta como en beneficio, corresponden ao estrato de prezo máis alto, que é, ao mesmo tempo, o que ten un custo total máis baixo e un produto bruto máis alto (Táboa 26 e Gráfico 26).



Táboa 25. Índices técnicos segundo o prezo do leite (€/100 L)

Prezo (€/100 L)	< 35	35-36,9	37-38,9	39-40,9	≥41
Número de explotacións	31	33	60	56	21
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	19,5	18,2	24,1	28,5	26,4
Nº de vacas	28,8	35,7	42,9	54,8	56,5
Produción comercializada (L)	172.361	240.150	331.927	465.247	515.601
Produción/SAU (L/ha)	8.940	13.264	13.811	16.367	19.530
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	1,5	2,0	1,8	1,9	2,1
UGM/ha	2,20	2,69	2,63	2,84	2,84
Partos/vaca/ano	0,72	0,88	0,82	0,87	0,90
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	124	199	198	218	170
N (kg/ha)	77	130	123	124	111
P ₂ O ₅ (kg/ha)	56	71	67	75	61
K ₂ O (kg/ha)	48	57	53	54	51
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	6.036	6.787	7.769	8.510	9.131
Concentrado (kg/vaca)	2.129	2.480	3.033	3.031	3.318
Concentrado/Leite (g/L)	350	370	390	360	360
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	9,42	9,53	9,93	9,48	9,67
Compra de forraxes	0,38	0,50	0,31	0,84	1,53
Produción de forraxes propias	2,67	4,17	3,85	3,81	2,77
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,85	3,92	3,85	3,87	3,81
% proteína	3,18	3,21	3,17	3,17	3,14
Bacterioloxía (000)	40,7	27,9	22,3	18,6	15,2
Células somáticas (000)	295,6	252,3	238,8	205,6	202,8
PREZOS					
Leite (€/100 L)	32,30	36,35	38,12	39,85	41,57
Concentrado (€/t)	247,80	241,26	250,14	259,45	249,34
Relación prezos leite/Concentrado	1,30	1,50	1,52	1,53	1,66

Táboa 26. Índices económicos segundo o prezo do leite (€/100 L)

Prezo (€/100 L)	< 35	35-36,9	37-38,9	39-40,9	≥41
Número de explotacións	31	33	60	56	21
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	32,30	36,35	38,12	39,85	41,57
Venda de animais	4,37	2,73	2,08	2,19	1,92
Total outros ingresos	-0,52	0,24	1,15	0,98	1,62
Variación do inventario	3,51	3,48	4,43	4,31	4,32
Produto bruto	39,66	42,79	45,78	47,33	49,42
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,73	0,33	0,65	0,24	0,68
Compra alimentos vacas	9,80	10,03	10,24	10,32	11,19
Compra alimentos recría	1,56	1,78	1,32	1,67	1,63
Produción propia, forraxes	2,67	4,17	3,85	3,81	2,77
Sanidade e reprodución	2,65	2,43	2,83	2,62	2,60
Enerxía e maquinaria	2,14	2,60	2,36	2,87	2,36
Total Gastos Variábeis	19,55	21,35	21,24	21,52	21,23
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	4,62	5,19	3,64	3,20	2,61
Outros custos fixos	1,29	1,47	0,92	1,08	0,46
Man de obra retribuída	1,99	2,97	2,87	3,86	4,67
Total Custos Fixos	7,90	9,63	7,42	8,14	7,74
Custo de produción	27,45	30,98	28,66	29,66	28,96
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,91	2,51	1,75	1,29	0,97
Renda das terras propias	2,71	1,82	1,74	1,47	1,23
Custo do traballo familiar	5,85	4,55	3,80	3,61	3,26
Total Custo de Oportunidade	11,47	8,88	7,29	6,37	5,46
Custos Totais	38,92	39,86	35,95	36,03	34,42
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	12,20	11,82	17,12	17,67	20,45
Beneficio	0,73	2,94	9,83	11,30	14,99

Gráfico 25. SAU, vacas, rendemento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do prezo do leite (€/100 L) en 2007





Gráfico 26. Custos variábeis, custos fixos e marxe neta en función do prezo do leite (€/100 L) en 2007



5.9. Resultados en función do prezo do concentrado

O prezo do concentrado non garda relación con ningunha das variábeis máis significativas, como SAU, número de vacas, produción total de leite, carga gandeira, fertilización ou rendemento por vaca (Táboa 27).

Canto máis baixo é o prezo do concentrado máis alta é a relación entre o seu consumo e a produción de leite, salvo no estrato de 260-279,9 €/t. Por outra parte, e como resulta obvio, canto máis baixo é o prezo do concentrado, máis favorábel é a relación prezo do leite/prezo do concentrado (Gráfico 27).

O gasto en concentrado, incluído o da recría, supón entre o 54 e o 66 % dos custos variábeis nas explotacións leiteiras galegas. Porén, aínda que entre os estratos extremos a diferenza no prezo do concentrado é de 100 €/t, iso non implica unha grande diferenza nos custos variábeis, nin sequera nos totais (Táboa 28).

Os resultados, tanto na marxe neta como no beneficio, son independentes do nivel do prezo do concentrado (Gráfico 28).



Táboa 27. Índices técnicos segundo o prezo do concentrado (€/t)

Prezo concentrado (€/t)	< 220	220-239,9	240-259,9	260-279,9	≥ 280
Número de explotacións	12	43	89	46	11
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS					
SAU (ha)	23,4	22,6	22,3	27,7	26,4
Nº de vacas	50,3	36,5	44,0	50,4	44,4
Produción comercializada (L)	361.392	252.239	361.110	419.550	313.110
Produción/SAU (L/ha)	15.486	11.221	16.250	15.181	11.882
MANEXO DO GANDO					
Vacas/ha	2,1	1,6	2,0	1,8	1,7
UGM/ha	2,82	2,40	2,80	2,57	2,56
Partos/vaca/ano	0,60	0,80	0,87	0,85	0,86
MANEXO DA FERTILIZACIÓN					
Fertilizantes (€/ha)	133	193	207	168	180
N (kg/ha)	88	114	130	102	110
P ₂ O ₅ (kg/ha)	68	74	69	57	73
K ₂ O (kg/ha)	61	65	52	37	60
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO					
Rendemento (L/vaca)	7.203	6.947	8.246	8.328	7.058
Concentrado (kg/vaca)	3.448	2.582	2.832	3.089	2.060
Concentrado/leite (g/L)	480	370	340	370	290
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 L)					
Compra de concentrado	10,35	8,98	9,35	10,20	10,28
Compra de forraxes	2,84	0,15	0,64	0,74	0,52
Produción de forraxes propias	2,41	3,66	3,45	4,16	3,47
CALIDADE DO LEITE					
% graxa	3,76	3,88	3,89	3,83	3,85
% proteína	3,23	3,24	3,15	3,15	3,14
Bacterioloxía (000)	27,3	26,4	22,6	20,7	43,1
Células somáticas (000)	248,6	249,6	231,1	220,3	289,3
PREZOS					
Leite (€/100 L)	38,37	36,88	38,71	39,76	37,83
Concentrado (€/t)	206,99	231,77	250,18	260,0	306,58
Relación prezos leite/concentrado	1,85	1,59	1,54	1,52	1,23

Táboa 28. Índices económicos segundo o prezo do concentrado (€/t)

Prezo concentrado (€/t)	< 220	220-239,9	240-259,9	260-279,9	≥ 280
Número de explotacións	12	43	89	46	11
INGRESOS (€/100 L)					
Venda de leite	38,37	36,88	38,71	39,76	37,83
Venda de animais	1,78	2,85	2,25	2,38	2,13
Total outros ingresos	0,40	0,90	0,89	1,30	0,0
Variación do inventario	3,48	3,8	4,12	4,52	5,13
Produto bruto	44,02	44,42	45,97	47,96	45,09
GASTOS VARIÁBEIS (€/100 L)					
Compra de gando	0,25	0,71	0,23	0,86	0,04
Compra alimentos vacas	13,19	9,12	10,00	10,94	10,80
Compra alimentos recría	1,20	1,30	1,61	1,77	1,42
Produción propia, forraxes	2,41	3,66	3,45	4,16	3,47
Sanidade e reprodución	2,58	2,41	2,60	2,81	3,18
Enerxía e maquinaria	2,27	2,10	2,71	2,79	1,70
Total Gastos Variábeis	21,90	19,30	20,59	23,33	20,62
GASTOS FIXOS (€/100 L)					
Amortizacións técnicas	4,32	4,65	3,49	2,78	4,28
Outros custos fixos	1,81	0,98	0,71	1,33	0,91
Man de obra retribuída	2,73	2,26	3,54	4,37	2,33
Total Custos Fixos	8,86	7,90	7,74	8,48	7,51
Custo de produción	30,76	27,19	28,33	31,81	28,13
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 L)					
Xuros dos capitais propios	2,50	2,72	1,48	1,05	1,80
Renda das terras propias	1,55	2,15	1,48	1,58	2,02
Custo do traballo familiar	3,72	4,66	3,49	3,20	4,02
Total Custo de Oportunidade	7,78	9,53	6,45	5,83	7,85
Custos Totais	38,54	36,72	34,78	37,64	35,98
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 L)					
Marxe neta	13,26	17,23	17,64	16,15	16,96
Beneficio	5,48	7,70	11,19	10,32	9,11

Gráfico 27. SAU, vacas, rendimento leiteiro (L/vaca) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do prezo do concentrado (€/t) en 2007





Gráfico 28. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do prezo do concentrado (€/t) en 2007



6.

AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO



6. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO

O estudo comparativo de custos de produción de leite no ámbito europeo, iniciado polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo no ano 2000 en colaboración con EDF (European Dairy Farmers), do que se ofreceron resultados en anos anteriores, continuouse en 2007. Os problemas que presentaba o novo programa de cálculo parecen solucionados e en 2009 estará ultimada a versión definitiva. Nas táboas de resultados deste ano poden observarse algunhas diferenzas respecto das análises anteriores que non responden a modificacións da metodoloxía, senón a unha forma de presentación que pareceu máis didáctica.

Cómpre lembrar unha vez máis que este estudo non parte dun deseño mostral previo e, polo tanto, carece de representatividade estatística propiamente dita. Só pretende ofrecer unha aproximación das tendencias que segue o sector en Europa a partir da información que subministra a análise anual de custos de EDF.

No estudo de 2007 participaron 270 explotacións leiteiras de 17 Estados europeos, aínda que na análise só se utilizaron 233. Delas, oito eran galegas e 10 catalás.

Ao comparar as explotacións galegas de EDF coas de EDF-UE, apréciase que, sendo de tamaño superior ás controladas no programa de xestión da Consellería do Medio Rural (44,3 vacas, 23,9 ha e 349 t de produción)³, son moito máis pequenas que a media de EDF (con 198 vacas, 146 ha e 1.555 t FCM de leite de media).⁴ O seu tamaño medio (con 93 vacas, 39 ha de superficie forraxeira e unha produción de 774 t FCM de leite) é moi semellante ao das catalás (Táboa 29).

A carga gandeira (2,1 vacas/ha) é semellante á catalá e superior á da media de EDF-UE (1,5 vacas/ha), só superada por Italia (2,4 vacas/ha). Curiosamente, esta alta densidade gandeira, a pesar da reducida base territorial das explotacións galegas, aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 70%, porcentaxe superior á media da UE (52%) e só inferior á de Irlanda (97%) e Holanda (83%).

A relación entre dimensión, carga gandeira e uso do solo explica a importancia do concentrado nas racións das explotacións leiteiras galegas. Para unha produción por vaca de 7.391 kg FCM, inferior á da media da EDF-UE (8.008 kg FCM/vaca), o noso consumo medio de concentrado sitúase en 2,83 t/vaca/ano (Táboa 3), o máis alto da UE, onde a media é de 2,3 t/vaca/ano. Neste sentido, cómpre salientar que, salvo Irlanda, polas especiais condicións do seu sistema, o rendemento por vaca é superior en calquera dos países de referencia escollidos cun consumo inferior de concentrado por vaca (Táboa 32).

A consecuencia é que a cantidade de leite/vaca producido sen concentrados nas explotacións galegas (1.763 kg FCM) é máis baixa que a da UE, onde a media está en 3.351 kg FCM.

O gasto en alimentación animal das nosas explotacións (12,2 €/100 kg FCM), aínda que é inferior ao das catalás, representa o 64,2% dos custos directos e resulta moi alto en relación coa media da UE (7,9 €/100 kg FCM) e con calquera dos países de referencia.

³ Como figura na Táboa 3

⁴ FCM = Fat Corrected Milk = Leite corrixido pola graxa

Táboa 29. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2007

	UE	España	Galicia	Cataluña
Número de explotacións	233	18	8	10
DATOS XERAIS				
Superficie total da explotación (ha)	385	49	39	57
Proporción de superficie arrendada (%)	55	57	29	79
Man de obra familiar total (traballadores)	1,5	1,9	2,0	1,8
Man de obra asalariada total (traballadores)	11	0,9	1,0	0,7
Número de vacas	198	97	93	100
Ingresos de leite sobre os totais (%)	80	91	91	91
PRODUCCIÓN DE LEITE				
Cota total dispoñíbel (kg FCM 4% graxa)	1.562.471	790.650	764.243	811.776
Cota arrendada sobre o total dispoñíbel. (%)	3	0,2	0,0	0,3
Produción total de leite (kg FCM por ano)	1.554.670	827.491	774.344	870.009
Leite vendido ás industrias.	1.522.515	822.685	771.467	863.659
Leite reempregado ou vendido directamente	32.155	4.806	2.877	6.349
Contido de graxa (%)	4,1	3,8	3,7	3,8
Contido de proteína (%)	3,4	3,2	3,2	3,2
Cota cuberta (%)	101	105	101	108
Rendemento leiteiro (kg FCM por vaca)	8.008	7.965	7.391	8.425
USO DO SOLO				
Superficie forraxeira (ha)	146	48	39	55
Superficie forraxeira arrendada (%)	50	59	33	78
Prados (% superficie forraxeira)	52		70	0
Labradío sobre superficie forraxeira (%)	35	82	52	100
Carga gandeira (vacas/ha)	1,5	2,1	2,1	2,0
Produtividade da terra (kg FCM por ha)	12.095	17.141	16.725	17.474
MAN DE OBRA				
Traballo (horas/vaca)	57	84	72	93
Produtividade do traballo (kg FCM/hora)	181	107	110	105
CAPITAL				
Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)	5.529	4.393	3.762	4.899
Maquinaria (€/vaca)	1.140	1.340	856	1.727
Construcións (€/vaca)	2.406	1.195	980	1.385
Gando (€/vaca)	1.268	1.824	1.791	1.846
Participación en cooperativas (€/vaca)	82	0	0	0
Outros (€/vaca)	633	99	222	0
Produtividade do capital (kg FCM por 1000€)	1.912	2.055	2.215	1.927
MANEXO DO RABAÑO				
Ocupación da corte (%)	91		125	
Idade ao primeiro parto (meses)	26	26	25	27
Intervalo entre partos (días)	399	403	402	406
Taxa de eliminación de vacas (%)	29	24	19	28
Mortalidade dos xatos (%)	11,8		8,7	
Frecuencia de muxidura (veces/día)		2	2	2
ALIMENTACIÓN				
Consumo de concentrado (kg por vaca e día)	6,3	8,8	7,7	9,6
Produtividade do concentrado (kg de leite FCM/kg de concentrado)	4,1	2,6	2,8	2,5
Leite producido sen concentrados (kg por vaca e ano)	3.351	1.565	1.763	1.407

Táboa 30. Ingresos e custos nas explotacións de EDF de Galicia, Cataluña e UE en 2007

	UE	España	Galicia	Cataluña
INGRESOS (€/100 kg FCM)				
Venda de leite	31,2	38,3	39,9	37,1
Venda de gando e variación de inventario	3,9	4,2	4,4	4,1
Subsidios e axudas directas e balance do IVE	1,6	0,6	0,2	0,9
Outros ingresos	1,5	0,9	0,0	1,7
Ingresos Totais	38,3	44,1	44,4	43,9
CUSTOS (€/100 kg FCM)				
Compra de animais	0,7	1,4	0,7	1,9
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,1	1,4	1,7	1,1
Inseminación e transferencia de embrións	0,6	0,7	0,8	0,7
Outros custos directos da produción animal	1,9	2,2	1,5	2,7
Compra de alimentos	7,9	13,2	12,2	14,0
Sementes	0,3	0,6	0,5	0,6
Fertilizantes	0,9	0,7	1,1	0,3
Pesticidas	0,2	0,1	0,1	0,1
Outros custos directos da produción vexetal	0,3	0,3	0,5	0,1
Custos Directos Totais	13,8	20,5	19,0	21,7
Custos salariais	2,6	1,5	1,1	1,8
Custo de oportunidade do traballo familiar	6,0	12,1	10,9	13,0
Contratos/aluguer de maquinaria	1,8	1,2	1,1	1,4
Conservación de maquinaria e vehículos	1,2	1,2	0,6	1,6
Fuel, lubricantes	1,0	1,3	1,1	1,4
Enerxía	0,7	0,5	0,3	0,7
Amortización de maquinaria e vehículos	2,2	1,4	0,9	1,8
Custo de oportunidade de maquinaria e vehículos	0,6	0,6	0,5	0,8
Custo do traballo	16,2	19,8	16,6	22,5
Arrendamento de cota	0,3	0,0	0,0	0,1
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	1,6	0,7	0,8	0,7
Custo da cota	1,9	0,8	0,8	0,8
Mantemento de instalacións	0,5	0,4	0,6	0,2
Arrendamentos	0,1	0,0	0,0	0,0
Amortizacións de instalacións	1,7	1,4	1,7	1,1
Custo de oportunidade das instalacións	1,4	0,6	0,5	0,6
Custo das instalacións	3,6	2,3	2,8	1,9
Arrendamento de terras	1,0	0,7	0,5	0,9
Custo de oportunidade da terra	1,4	0,7	1,3	0,2
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos.	0,1	0,0	0,0	0,0
Contribucións e cargas	0,3	0,1	0,2	0,0
Custos da terra	2,7	1,5	1,9	1,1
Outros Custos	2,0	1,0	1,2	0,9
Custos Totais	40,3	45,8	42,2	48,8
<i>Custos efectivos</i>	24,4	27,4	24,5	29,8
<i>Amortizacións</i>	4,2	2,8	2,8	2,8
<i>Custos de oportunidade</i>	11,7	15,7	15,0	16,2
RESULTADOS (€/100 kg FCM)				
Renda Familiar	9,7	14,0	17,2	11,4
Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)	-2,0	-1,7	2,3	-4,8
Beneficio empresarial (con primas desacopladas)	0,9	2,2	6,5	-1,2
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	21,2	24,4	22,7	25,7
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	31,3	39,3	36,9	41,2
Retribución do traballo (sen primas desacopladas)	11,9	12,7	14,9	10,9

Os custos directos en Galicia con 19 €/100 kg FCM foron superiores aos da media EDF (13,8/100 kg € FCM). O mesmo acontece co custo total (42,2 vs. 40,3 €/100 kg FCM). Se se comparan estas cifras coas de 2006, observarase que Galicia perdeu competitividade respecto ás explotacións europeas, a pesar de que o prezo do leite foi moi superior. En 2006, o custo total era en Galicia de 36,03 €/100 kg FCM fronte á 39,35 €/100 kg FCM de media na EU.

Da menor dimensión do rabaño resulta unha produtividade da man de obra, en termos de produción, inferior en Galicia (110 kg FCM/hora) fronte á media de EDF (181 kg FCM/hora). O máis preocupante é que a diferenza entre Galicia e EDF aumentou respecto a 2006, o que significa unha perda de produtividade.

Por outra parte, a menor superficie das explotacións galegas implica un gasto inferior en amortización e conservación da maquinaria mais non en fuel e lubricantes.

A nosa taxa de eliminación de vacas (19%) é inferior á da media da UE (29%) e supón un período de amortización algo máis longo. Porén o gasto na compra de animais é idéntico á media de EDF-EU.

O investimento por vaca en Galicia (3.762 €/vaca) é inferior ao da media de EDF (5.529 €/vaca), aínda que superior ao do Reino Unido (3.515 €/vaca) e Irlanda (2.393€/vaca), tanto polo menor tamaño dos rabaños como polos seus sistemas de produción, baseados en minimizar investimentos e custos.

Os ingresos totais das nosas explotacións (44,4 €/100 kg FCM) son superiores aos da media de EDF (38,3 €/100 kg FCM) e aos de calquera dos países tomados como referencia porque tamén o é o prezo do leite.

A pesar do seu pequeno tamaño, as explotacións galegas conseguen uns resultados económicos excelentes tanto en termos de renda familiar como de beneficio empresarial ou retribución do traballo, que só son superados polos de Irlanda. Só no limiar de rendibilidade I, que indica o prezo do leite a partir do cal se obtén unha renda familiar positiva, se aprecia certa febleza, que aínda é mais evidente para o limiar de rendibilidade II, que indica o prezo que debería alcanzar o leite para comezar a ter beneficio.

Cómpre salientar que, ademais da súa escasa base territorial, a porcentaxe de superficie arrendada (29%) das explotacións galegas é unha das máis baixas da UE, onde a media está no 55% da superficie total. O mesmo se pode dicir da superficie forraxeira.

En resumo, as explotacións galegas son de menor tamaño e máis intensivas, pero cunha menor produtividade da man de obra. Con todo, os seus resultados poden considerarse moi bos relativamente á media de EDF.

O elevado custo da alimentación, baseada nun consumo alto de concentrado, vese compensado por un custo menor no traballo, na cota, na terra e nas instalacións. Con todo, só cunha menor dependencia exterior na alimentación do gando, o que require ampliar a superficie forraxeira das explotacións, será posíbel diminuír o custo da alimentación e o aumento da produtividade do traballo.

Táboa 31. Ingresos e custos da actividade leiteira nalgúns países da UE en 2007

	Galicia	Francia	Alemaña	Holanda	Bélxica	R. Unido	Irlanda
INGRESOS (€/100 kg FCM)							
Venda de leite	39,9	29,4	28,9	28,6	30,5	32,0	34,1
Venda de gando e variación de inventario	4,4	4,9	4,1	3,3	3,8	2,7	5,2
Subsidios, axudas directas e balance do IVE	0,2	1,3	0,7	4,0	0,4	0,0	0,0
Outros ingresos	0,0	2,4	0,8	2,0	0,9	0,3	0,2
Ingresos Totais	44,4	37,9	34,5	37,9	35,7	35,0	39,5
CUSTOS (€/100 kg FCM)							
Compra de animais	0,7	0,6	0,7	0,3	0,4	0,8	0,6
Sanidade animal e coidado dos pezuños	1,7	1,0	1,1	1,0	1,0	1,1	1,2
Inseminación e transferencia de embrións	0,8	0,7	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7
Outros custos directos da produción animal	1,5	2,4	1,7	1,6	1,6	2,3	2,0
Compra de alimentos	12,2	4,4	6,0	5,7	5,6	7,8	4,4
Sementes	0,5	0,6	0,3	0,0	0,4	0,2	0,2
Fertilizantes	1,1	1,1	1,0	0,6	0,8	1,2	2,0
Pesticidas	0,1	0,4	0,3	0,0	0,4	0,2	0,0
Outros custos directos da produción vexetal	0,5	0,5	0,1	0,1	0,8	0,2	0,3
Custos Directos Totais	19,0	11,7	11,7	9,8	11,4	14,5	11,3
Custos salariais	1,1	2,8	2,5	1,3	0,8	4,4	2,1
Custo de oportunidade do traballo familiar	10,9	7,7	5,3	5,9	8,1	3,3	5,1
Contratos/aluguer de maquinaria	1,1	1,8	1,6	2,8	2,2	1,8	1,3
Conservación de maquinaria e vehículos	0,6	1,0	1,3	1,6	0,9	1,0	1,1
Fuel, lubricantes	1,1	0,8	1,2	0,6	0,6	0,9	0,4
Enerxía	0,3	0,6	0,8	0,8	1,0	0,5	0,8
Amortización de maquinaria e vehículos	0,9	3,6	2,3	2,9	2,2	1,4	0,9
Custo de oportunidade da maquinaria e vehículos	0,5	0,9	0,5	0,6	0,4	0,4	0,5
Custo do traballo	16,6	19,2	15,5	16,5	16,2	13,6	12,1
Arrendamento da cota	0,0	0,0	0,8	0,7	0,1	0,0	0,2
Supertaxa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Custo de oportunidade da cota	0,8	0,0	1,4	4,6	2,7	0,1	1,0
Custo da cota	0,8	0,0	2,2	5,3	2,8	0,1	1,2
Mantemento de instalacións	0,6	0,3	0,4	0,4	0,0	0,9	0,7
Arrendamentos	0,0	0,2	0,0	0,0	0,1	0,2	0,0
Amortizacións das instalacións	1,7	2,6	1,7	2,2	1,7	0,5	0,7
Custo de oportunidade das instalacións	0,5	1,4	1,2	1,6	0,9	0,6	1,3
Custo das instalacións	2,8	4,6	3,3	4,2	2,7	2,2	2,7
Arrendamento das terras	0,5	1,4	1,0	0,9	1,0	0,8	1,0
Custo de oportunidade da terra	1,3	0,5	0,9	2,8	0,7	1,9	3,3
Melloras en parcelas, drenaxes, accesos.	0,0	0,1	0,0	0,3	0,0	0,1	0,0
Contribucións e cargas	0,2	0,1	0,1	0,5	0,1	0,1	0,0
Custos da terra	1,9	2,2	2,1	4,5	1,7	3,0	4,2
Outros Custos	1,2	2,9	1,6	1,7	1,5	1,4	1,3
Custos Totais	42,2	40,7	36,5	41,9	36,3	34,7	32,9
Custos efectivos	24,5	22,8	22,4	20,9	18,8	25,6	19,4
Amortizacións	2,8	6,5	4,1	5,1	3,9	1,9	1,6
Custos de oportunidade	15,0	11,4	10,1	16,0	13,7	7,2	12,0
RESULTADOS (€/100 kg FCM)							
Renda Familiar	17,2	8,6	8,1	11,9	13,0	7,5	18,5
Beneficio empresarial (sen primas desacopladas)	2,3	-2,8	-2,0	-4,0	-0,7	0,3	6,5
Beneficio empresarial (con primas desacopladas)	6,5	1,0	2,1	-4,0	2,9	3,7	10,2
Limiar de rendibilidade I (sen o custo da cota)	22,7	20,7	20,0	16,0	17,5	24,5	15,5
Limiar de rendibilidade II (sen o custo da cota)	36,9	32,2	28,7	27,3	28,4	31,6	26,4
Retribución do traballo (sen primas desacopladas)	14,9	11,9	12,1	8,4	14,8	20,4	28,5

Táboa 32. Razóns das diferenzas de custos e ingresos en 2007

	Galicia	Francia	Alemaña	Holanda	Bélxica	R. Unido	Irlanda
Número de explotacións	8	27	29	43	19	26	15
DATOS XERAIS							
Superficie total da explotación (ha)	39	141	371	88	48	235	82
Proporción de superficie arrendada (%)	29	78	57	29	61	49	32
Man de obra familiar total (traballadores)	2,0	1,8	1,6	1,4	1,5	1,7	1,3
Man de obra asalariada total (traballadores)	1,0	0,9	7,2	0,4	0,3	3,2	0,6
Número de vacas	93	69	260	134	64	268	133
Ingresos de leite sobre os totais (%)	91	64,9	75,4	99,6	81,2	80,7	88,1
PRODUCCIÓN DE LEITE							
Cota total dispoñíbel (kg FCM 4%graxa)	764.243	528.513	2.109.261	1.142.408	531.669	2.120.324	759.035
Cota arrendada sobre o total dispoñíbel (%)	0,0	0,0	7,8	3,6	0,4	0,1	4,4
Produción total de leite (kg FCM por ano)	774.344	549.973	2.187.291	1.106.936	563.418	2.049.775	815.507
Leite vendido ás industrias	771.467	541.426	2.141.427	1.102.065	555.034	2.010.049	789.969
Leite reempregado ou vendido directamente	2.877	8.472	45.864	4.870	8.384	29.226	25.538
Contido de graxa (%)	3,7	4,1	4,1	4,3	4,1	4,1	4,0
Contido de proteína (%)	3,2	3,3	3,4	3,4	3,4	3,3	3,5
Cota cuberta (%)	101	102	103	97	105	99	104
Rendemento leiteiro (kg FCM por vaca)	7.391	7.895	8.423	8.270	8.789	7.585	6.268
USO DO SOLO							
Superficie forraxeira (ha)	39	82	262	88	36	171	75
Superficie forraxeira arrendada (%)	33	83	61	33	67	46	30
Prados (% superficie forraxeira)	70	38	54	83	39	61	97
Labradío sobre superficie forraxeira (%)	52	37	47	20	39	25	11
Carga gandeira (vacas/ha)	2,1	0,9	1,3	1,6	1,9	1,6	1,8
Produtividade da terra (kg FCM por ha)	16.725	7.412	11.019	13.140	16.756	12.395	11.334
MAN DE OBRA							
Traballo (horas/vaca)	72	59	44	32	55	35	32
Produtividade do traballo (kg FCM/hora)	110	150	207	265	177	242	208
CAPITAL							
Capital total (sen terra nin cota) (€/vaca)	3.762	6.097	5.065	5.553	4.266	3.515	2.984
Maquinaria (€/vaca)	856	1.464	989	1.216	876	650	695
Construcións (€/vaca)	980	1.901	2.216	3.373	1.526	1.231	1.081
Gando (€/vaca)	1.791	1.418	1.168	997	1.415	1.425	1.177
Participación en cooperativas (€/vaca)	0	157	128	0	4	244	0
Outros (€/vaca)	99	1.203	586	0	456	236	43
Produtividade do capital (kg FCM por 1000€)	2.055	1.479	2.038	1.542	2.228	2.791	2.393
MANEXO DO RABAÑO							
Ocupación da corte (%)	125	85	93	89	88	100	86
Idade ao primeiro parto (meses)	26	28	28	25	26	26	24
Intervalo entre partos (días)	403	401	403	401	407	394	378
Taxa de eliminación das vacas (%)	24	29	30	32	30	23	20
Mortalidade dos xatos (%)	8,7	17,6	10,7	14,1	12,9	8,4	10,8
Frecuencia de muxidura (veces/día)	2	2	2	2	2	2	2
ALIMENTACIÓN							
Consumo de concentrado (kg por vaca e día)	8,8	3,9	7,3	5,6	6,6	6,6	2,8
Produtividade do concentrado (kg de leite ECM/kg de concentrado)	2,6	6,6	3,3	4,3	3,8	3,6	7,9
Leite producido sen concentrado (kg por vaca e ano)	1.565	5.048	3.087	4.207	3.975	2.783	4.250

CONCLUSIONES



CONCLUSIÓNS

En 2007 as explotacións leiteiras galegas obtiveron uns resultados excepcionais. Sen dúbida, os mellores dos últimos anos. O aumento tanto da marxe neta como do beneficio é considerábel, mesmo os gastos variábeis experimentaron, tamén, unha importante suba. De facto, mentres os ingresos totais creceron un 23,8%, a marxe neta fíxoo nun 53,3% e o beneficio nun 151,1%. A razón fundamental foi a suba do prezo medio do leite, que creceu un 23%, en tanto o do concentrado só o fixo nun 15,3%. Tamén se incrementaron os custos fixos e os de oportunidade, aínda que en menor medida que o produto bruto.

Desde o punto de vista técnico, pódese dicir que se manteñen as tendencias dos anos anteriores. Obsérvase un lixeiro aumento da Superficie Agraria Útil, así como do tamaño medio do rabaño, o que significou un pequeno incremento da carga gandeira en UGM/ha, mais non en vacas/ha, que se mantivo nas 1,9 vacas/ha do ano anterior. O rendemento leiteiro aumentou un 2,6% e a produción de leite por unidade de superficie un 4,1%, o que se traduciu nun incremento do 5,4% da produción comercializada por explotación.

O lixeiro incremento do consumo de concentrado foi moi inferior ao da produción por vaca, o que provocou que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite por vaca pasase de 370 a 360 g/L.

A evolución do grupo permanente de explotacións participantes no programa de xestión entre 2003 e 2007 mostra un aumento considerábel da SAU mentres o tamaño do rabaño apenas variou nese período, o que provocou unha redución da carga gandeira. Ao mesmo tempo, diminuíu o uso de fertilizantes químicos e aumentou o rendemento leiteiro sen que variase o consumo de concentrado por vaca.

As explotacións galegas, como se viu nas análises de anos anteriores, están pouco diversificadas. Os seus ingresos proceden case exclusivamente da venda de leite, o que as fai moi vulnerábeis ás oscilacións do seu prezo. O seu reducido tamaño obrígaas a utilizar sistemas de produción moi intensivos baseados na compra de alimentos para o gando.

Nin o tamaño, nin o volume de ingresos, nin o grao de intensificación do sistema produtivo poden explicar as diferenzas de resultados entre as explotacións leiteiras. Constátase, porén, que a medida que aumenta o seu tamaño, tamén o fai o nivel de intensificación, sen que varíe o sistema de manexo, como proba o feito de que as explotacións con carga gandeira máis alta sexan as que empregan maior cantidade de fertilizantes químicos.

A maioría dos gandeiros non levan ningún sistema de contabilidade e descoñecen, polo tanto, os seus custos de produción, cuxa redución é moito máis importante que o incremento do prezo do leite ou dos ingresos para obter bos resultados económicos. Así, a diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola é de 1,85 €/100 L, mentres a existente entre eses mesmos dous grupos se eleva a 11,63 €/100 L para o custo de produción.

A comparación, no ámbito de EDF, das explotacións galegas coas europeas evidencian o menor tamaño das nosas, a súa maior intensificación e a menor produtividade da man de obra. O seu elevado consumo de concentrado, así como o seu prezo, que é máis alto, orixinan uns custos de alimentación do gando superiores nun 4,7% aos da media europea. Con todo, ao ter un prezo do leite máis alto este ano e, como consecuencia, un produto bruto maior, os resultados económicos foron mellores nas explotacións galegas. De facto, a súa renda familiar foi de 17,2 €/100 kg FCM, fronte aos 9,7 da media UE.

As vantaxes comparativas das explotacións galegas na actualidade débense fundamentalmente ao prezo do leite e, en menor medida, a unha lixeira contención nos custos estruturais. Os investimentos en maquinaria, gando e instalacións que se están a realizar, e que supoñen un incremento dos custos, deben aumentar a produtividade para non facer as explotacións máis vulnerábeis ante calquera baixada do prezo do leite.